Sobre os datos referidos aos convenios asinados e as subvencións e axudas de calquera tipo concedidas pola Axencia Galega de Infraestruturas ao Concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019 e durante décima lexislatura

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 1518 (11/POC-000244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios asinados e as subvencións e axudas de calquera tipo concedidas pola Axencia Galega de Turismo ao Concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019 e durante a décima lexislatura

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 1520 (11/POC-000245)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios asinados e as subvencións e axudas de calquera tipo concedidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019 e durante a décima lexislatura

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 1522 (11/POC-000246)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios asinados e as subvencións e axudas de calquera tipo concedidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao Concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019 e durante a décima lexislatura

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 1524 (11/POC-000247)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios asinados e as subvencións e axudas de calquera tipo concedidas pola Consellería do Medio Rural ao Concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019 e durante a décima lexislatura

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 1526 (11/POC-000248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios asinados e as subvencións e axudas de calquera tipo concedidas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao Concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019 e durante a décima lexislatura

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 1536 (11/POC-000250)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social, así como o orzamento que vai destinar para a súa aplicación

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 1542 (11/POC-000251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a consideración por parte da Consellería do Medio Rural da posibilidade de establecer a obrigatoriedade da vacina antirrábica en cans, gatos e furóns, tendo en conta a situación xerada en Galicia pola covid-19 e os efectos dunha eventual zoonose

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 1579 (11/POC-000252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar a atención sanitaria que se está a prestar no concello de Soutomaior e na parroquia de Ponte Sampaio, no concello de Pontevedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 1585 (11/POC-000253)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 4 máis

Sobre as razóns da non-renovación, para o curso 2020-2021, do convenio asinado pola Consellería de Política Social coa Asociación de Nais e Pais de Alumnos Pía da Casca, do Colexio de Educación Infantil e Primaria As Mercedes, para o uso do espazo pertencente á Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, na cidade de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 1589 (11/POC-000254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a emisión por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dalgunha instrución para posibilitar o cumprimento polos centros de ensino do establecido respecto das distancias interpersoais entre o alumnado nas aulas como consecuencia da covid-19 e a realización dalgún estudo en relación co número de grupos que habería que desdobrar e o incremento de profesorado necesario para ese fin

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 1592 (11/POC-000255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as razóns da ligazón da área de Igualdade á de Emprego na nova consellaría creada na Xunta de Galicia, a partida orzamentaria que se vai destinar á Igualdade nela e a estrutura orgánica que vai ter esa área

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 1606 (11/POC-000257)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que está a adoptar o Sergas para solucionar a situación en que se encontra a atención primaria na localidade de Moaña e na comarca do Morrazo, así como as actuacións e os prazos previstos ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 1610 (11/POC-000258)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación cos mercados de proximidade

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 1620 (11/POC-000259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre o risco de zoonose que supón a rabia na actualidade en Galicia, as medidas do Goberno galego para o control sanitario dos cachorros importados e as súas razóns para non establecer unha



vacinación obrigatoria dos cans, así como as medidas de saúde pública valoradas para a detección precoz destas zoonoses

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 1621 (11/POC-000260)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre o risco de zoonose que supón a rabia na actualidade en Galicia, as medidas do Goberno galego para o control sanitario dos cachorros importados e as súas razóns para non establecer unha vacinación obrigatoria dos cans, así como as medidas de saúde pública valoradas para a detección precoz destas zoonoses

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 1629 (11/POC-000261)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para posibilitar a viabilidade e o mantemento dos postos de traballo da conserveira Thenaisie Provoté, no concello do Grove, así como a valoración das consecuencias que tería o seu pechamento no concello e na comarca do Salnés

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 1633 (11/POC-000262)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abelairas Rodríguez, María Isaura e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir os servizos necesarios a nivel socioeconómico e de conciliación para as familias de Vigo naqueles centros que ata o de agora viña xestionando a Federación Olívica de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e comarca

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 1636 (11/POC-000263)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos aos expedientes tramitados ao abeiro da Orde da Consellería do Mar do 5 de decembro de 2019 de convocatoria de axudas para o ano 2020 para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, así como a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento das expectativas desa orde

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 1643 (11/POC-000264)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a xestión da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en relación co inicio do curso escolar e a prevención e o impacto da covid-19 nos centros educativos, nomeadamente no Colexio de Educación Infantil e Primaria do Mosteiro, no concello de Meis

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 1648 (11/POC-000265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a situación en que se encontra a asistencia sanitaria en Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, as previsións do Goberno galego referidas ao pechamento do consultorio de Atención Primaria nesa vila e a solución que vai adoptar ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 1652 (11/POC-000266)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos ao material subtraído no Hospital de Montecelo, en Pontevedra, e os procedementos iniciados pola Consellería de Sanidade ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 1657 (11/POC-000267)

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que está a ter a evolución da pandemia da covid-19 na conmemoración do Día das Letras Galegas, dedicado a Ricardo Carvalho Calero, na difusión da súa vida, obra e pensamento, así como a necesidade de a estender ano 2021

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 1661 (11/POC-000268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o estado en que se atopa o proxecto de construción dun novo centro de saúde no concello de Antas de Ulla, o calendario e investimento previsto polo Goberno galego para a súa execución e mais o prazo estimado para a súa posta en funcionamento

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 1667 (11/POC-000269)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en materia de persoal de infraestruturas para garantir unha atención sanitaria digna á veciñanza do concello do Grove

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 1672 (11/POC-000270)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a suspensión por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do servizo de comedor no Colexio de Educación Infantil e Primaria Laverde Ruíz, de Outeiro de Rei, e as medidas previstas para paliar os prexuízos que vai ocasionar

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 1679 (11/POC-000271)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen



Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto das deficiencias que presenta o sistema de asistencia integrada á cidadanía do número de teléfono 012 para a solicitude das axudas por danos do xabaril dentro do prazo fixado
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 1689 (11/POC-000272)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar o problema da carencia de sala de espera no Centro de Saúde de Carballedo, no concello de Cerdedo-Cotobade, así como as razóns da demora na habilitación dun espazo para ese fin

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 1690 (11/POC-000273)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o plan de continxencias elaborado polo Goberno galego para evitar a saturación dos servizos sanitarios a consecuencia dos gromos de gripe e de enfermidades respiratorias, así como dos contextos pola covid-19

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 1697 (11/POC-000274)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das posibles irregularidades detectadas na tramitación do proxecto mineiro de litio Alberta I, promovido nos concellos de Avión, Beariz, Forcarei, Cerdedo-Cotobade e A Lama

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 1702 (11/POC-000275)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para excluír as solicitudes presenciais no artigo 9.1 do Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes privados de Galicia, así como o seu impacto para as oficinas agrarias comarcais e os propietarios do monte

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 1707 (11/POC-000276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a opinión da consellaría referida ás causas da alta incidencia dos lumes en determinadas zonas de Ourense, as medidas adoptadas ao respecto e os resultados dos traballos de investigación realizados en relación cos lumes de 2020, así como o prazo previsto para a creación das trinta e unha prazas de axentes ambientais nas brigadas de investigación de incendios forestais suprimidas no Pladiga deste ano

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 1711 (11/POC-000277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego da eficacia do Programa de vivendas baleiras e as súas intencións referidas á implementación de novas medidas para a súa mobilización

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 1716 (11/POC-000278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as demandas realizadas polo Goberno galego ao Goberno central, así como no ámbito internacional, en relación coas pensións de invalidez dos emigrantes galegos e a súa tributación, e mais as actuacións levadas a cabo para o cumprimento dos acordos parlamentarios referidos á problemática dos retornados a Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 1720 (11/POC-000279)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á atención das demandas das comunidades educativas dos centros de ensino da comarca do Salnés co fin de garantir o dereito á saúde e á calidade educativa, así como a actuación que vai levar a cabo en relación coa xestión da Xefatura Territorial de Pontevedra respecto do inicio do curso no Centro Público Integrado do Mosteiro, no concello de Meis

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 1726 (11/POC-000280)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as razóns do Sergas para non contar cun protocolo único de transparencia para informar respecto da evolución da covid-19 nas diferentes áreas sanitarias e para non facilitar os datos desagregados dos contaxios por concellos, e a xestión da Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra-O Salnés ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 1511 (11/POC-000239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os datos referidos ao investimento realizado pola Corporación Radio e Televisión de Galicia en cinema nos anos 2019 e 2020, así como aos filmes galegos emitidos pola Televisión de Galicia neses anos, e as previsións ao respecto

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 1513 (11/POC-000241)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis



Sobre os prazos previstos pola Corporación Radio e Televisión de Galicia para a aprobación do estatuto profesional e a creación do consello de informativos previstos na Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 1514 (11/POC-000242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Corporación Radio e Televisión de Galicia mediante a nova estratexia cara á nova etapa dixital, o contido da iniciativa IdeasG e as repercusións que vai ter para o persoal da Corporación, así como os medios, a planificación temporal e as actuacións que manexa para o desenvolvemento desa estratexia

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 15 de setembro de 2020, polo que se toma coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña, do 11 de setembro de 2020, polo que se proclama deputado electo do Parlamento de Galicia, pola circunscrición electoral da Coruña, a D. Gonzalo Trenor López (doc. núm. 1823)

Examínase o acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña, do 11 de setembro de 2020, polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a D. Gonzalo Trenor López, candidato do Partido Popular nas eleccións autonómicas do 12 de xullo de 2020 pola circunscrición electoral da Coruña, como consecuencia da vacante producida pola renuncia de D. Álvaro Pérez López, así como da correspondente credencial que o acredita como tal.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña, do 11 de setembro de 2020, polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a D. Gonzalo Trenor López, con efectos xurídicos desde o 11 de setembro de 2020.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da Administración electoral.

3º. Comunicar este acordo a Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información, de Asistencia Parlamentaria e de Publicacións.



4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 22 de setembro de 2020, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 22 de setembro de 2020, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 15 de setembro de 2020, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto preliminar

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado don Gonzalo Trenor López

Punto 1.

Dación de conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara da X lexislatura o 11 de febreiro de 2020

Punto 2.

Solicitude de creación dunha Comisión de investigación, proposta polas deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión da pandemia da covid-19 nas residencias de maiores e nos centros de discapacidade de Galicia

815 (11/SCI-000001)

Publicación da solicitude de creación, BOPG nº 9, do 02.09.2020

Punto 3. Comparecencia

1409 (11/PPP-000003)

Do Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020



Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 435 (11/PNP-000001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de seguimento da pandemia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020

4.2 614 (11/PNP-000022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a conciliación diante de novos gromos e da repunta da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

4.3 727 (11/PNP-000035)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e trece deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da retirada da limitación das taxas de reposición do persoal do sistema sanitario público co obxecto de permitir ofertar todos os postos necesarios para poder actuar ante a pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 9, do 02.09.2020

4.4 771 (11/PNP-000043)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a creación, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, dunha comisión parlamentaria de investigación sobre os feitos e contaxios da covid-19 acontecidos nas residencias de maiores durante a primeira vaga, coa achega da información precisa sobre os pasamentos de usuarios de residencias galegas polo virus

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

4.5 910 (11/PNP-000065)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e catorce deputados/as máis

Sobre a solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central da fixación dun prezo eléctrico competitivo para os consumidores electrointensivos e o compromiso para que o plan industrial para Alcoa poida optar ao Fondo Europeo de Recuperación

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 9, do 02.09.2020

4.6 1272 (11/PNP-000111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto económico que está a ter para a comunidade educativa a obrigatoriedade do uso de máscaras e material de seguridade e limpeza como consecuencia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020



Punto 5. Interpelacións

5.1 465 (11/INT-000005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a consideración do Goberno galego respecto de se o borrador do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 dá resposta ás necesidades dos centros, así como sobre os problemas detectados na implementación dese protocolo no inicio do curso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020

5.2 961 (11/INT-000037)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

5.3 1420 (11/INT-000072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 na atención presencial da Atención Primaria.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 12, do 08.09.2020

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 1849 (11/POPX-000001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

6.2 1864 (11/POPX-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a disposición do presidente da Xunta de Galicia a un diálogo real para acadar un gran acordo de país que permita erguer Galicia nun momento excepcional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 1822 (11/PUP-000066)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e nove deputados/as máis

Sobre a resposta dada polo Goberno central á demanda da Xunta de Galicia de carga de traballo para Navantia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020



7.2 1028 (11/POP-000053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dalgún tipo de axuda directa para as persoas autónomas e pemes que lles permita afrontar as consecuencias económicas derivadas da crise da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

7.3 1231 (11/POP-000082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar o empeoramento ou supresión do servizo de comedor escolar do CEIP As Mercedes, de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

7.4 884 (11/PUP-000047)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e seis deputados/as máis

Sobre os criterios e a finalidade que tiveron as medidas de cribado para a detección da covid-19 realizadas a determinados colectivos nos últimos meses

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020

7.5 975 (11/POP-000044)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a cifra exacta de rastrexadores existentes na actualidade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

7.6 1824 (11/PUP-000067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre os erros que xeraron unha situación de contaxio masivo por covid-19 nas residencias de maiores, como nas do Incio e de Outeiro de Rei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

7.7 1827 (11/PUP-000069)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Armada Pérez, José Antonio e seis deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da orixe e das causas dos distintos lumes que asediaron a provincia de Ourense na segunda fin de semana de setembro de 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

7.8 1831 (11/PUP-000070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e González Albert, María

Sobre a opinión da Consellería do Medio rural respecto das causas da reiteración dos lumes en Galicia, nomeadamente na provincia de Ourense, e as medidas previstas ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020



7.9 1202 (11/POP-000078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre a consideración polo Goberno galego da posibilidade de reinvestir no propio sector marisqueiro a parte que poida quedar sen adxudicar do orzamento destinado á convocatoria de axudas da Consellería do Mar publicada na Orde do 4 de agosto de 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Galicia é un territorio eminentemente rural, cunhas especificidades moi acusadas en canto á dispersión, despoboamento, envellecemento e demais.

E tamén cunhas circunstancias diferentes en canto á dotación de medios públicos (educativos, sanitarios, asistenciais...) e ás comunicacións tanto físicas (transporte público, rede de estradas...) como virtuais (telefonía tanto fixa como móbil, acceso á banda ancha por fibra, 3-4 ou 5G, satélite...).

Do mesmo xeito a economía do rural, cuxo sector fundamentalmente é o primario (agricultura, gandería e forestal), foi sinalado como un sector esencial ante a COVID-19.

A Consellería de Medio Rural publicou o 20 de marzo do 2020 unhas recomendacións e medidas preventivas dirixidas ao sector agroalimentario galego fronte á COVID-19 pero non existe un protocolo de actuación ante o illamento do titular ou das persoas traballadoras por síntomas compatibles coa infección por SARS-CoV-2 sen diagnóstico confirmado, por diagnóstico confirmado ou necesidade de realizar unha corentena domiciliaria durante 14 días contados desde a data do último contacto coa persoa diagnosticada de que sexan contacto estreito. Hai que ter en conta que o incumprimento do illamento no domicilio é unha infracción que supón unha sanción dunha contía elevada.

A actividade agrícola e gandeira está considerada un sector estratéxico, e nas fases de maior nivel de confinamento da COVID estivemos en activo, provendo de alimentos seguros ao conxunto da poboación.

Ante este escenario, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como vai o Goberno galego a xestionar un posible positivo nunha explotación agrícola ou gandeira?



2. Ata onde chega o que as autoridades autonómicas describen como “domicilio” nunha explotación agrícola ou gandeira?
3. Se entendemos que o “domicilio” inclúe tódalas instalacións da explotación, poden persoas alleas á mesma entrar na explotación, como os camiões de subministro e recollida de mercadorías, os servizos veterinarios ou técnicos/as...?
4. Se debido a un positivo, as persoas propietarias dunha explotación non poden atender aos animais, incumpríranse normas legais como a Lei de benestar animal por falta de alimentación,..., os horarios de pastoreo, as medidas agroambientais (PAC), que solución ten a Consellería do Medio Rural para esta situación?
5. Por que a Consellería non ten un protocolo de actuación ante o illamento do titular ou persoas traballadoras dunha explotación agrícola ou gandeira?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro do 2020

Asdo.: Martín Seco García
Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 04/09/2020 09:49:23

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/09/2020 09:49:34

Julio Torrado Quintela na data 04/09/2020 09:49:44



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Despois de 15 meses de peticións e mobilizacións sindicais, o 9 de agosto de 2019 a Consellería de Medio Rural abriu a mesa de negociación para a actualización do Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais que data do 1 de abril de 2008.

O 17 de setembro do 2019, na reunión de Comisión de seguimento do acordo do ano 2008, aprobáranse unha serie de pequenas melloras nas condicións de traballo do persoal de referencia, mentres se manteña a negociación do novo acordo de condicións de traballo, para compensar unha parte do grande exceso de horas ocasionado polo período extraordinario de gardas regulado polo acordo de 2008. Naquela reunión acordouse que a Xunta de Galicia elaboraría unha proposta que sería trasladada antes de finalizar o ano 2019 á mesa de negociación sobre as novas condicións de traballo.

A continuidade da mesa de negociación foi reiterada pola parte social o 13 de febreiro do 2020 e o 10 de xuño do 2020 sen resposta.

Logo de asembleas e mobilizacións recentes do colectivo afectado, a Consellería do Medio Rural convocou aos sindicatos a reunións que nin foron mesa de negociación nin tampouco Comisión de seguimento do acordo de 2008. Nesas reunións a Consellería só propuxo un mero retoque do acordado o 17 de setembro do 2019, só aplicable aos xefes de distrito, que non aceptaron as persoas traballadoras por decisión practicamente unánime do colectivo, e quedou patente que despois de 2 anos desde que pediran a negociación das condicións laborais, a Consellería non foi capaz elaborar unha proposta integral de reorganización sobre a que se poida negociar.

O 6 de xullo as persoas traballadoras realizaron unha asemblea telemática e aprobaron consultar ao colectivo afectado sobre a convocatoria dunha folga.



Acordaron facer unha enquisa telemática a todo o colectivo, que estivo aberta para votacións ata o día 8 de xullo ás 10:00 horas. A participación foi moi alta, de 80 persoas (dos 123 postos técnicos afectados polo acordo de 2008, número que inclúe tamén os cargos de libre designación). O 75 % dos que responderon a enquisa amosaron a súa disposición de ir á folga.

Ante esta resposta as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT convocaron de forma unitaria a folga do colectivo do persoal técnico forestal vinculado ao SPIF a partir do 1 de agosto de 2020.

Os obxectivos da folga convocada son que a Administración autonómica regule as condicións de traballo nun novo acordo, coas seguintes características:

- Aumentar o cadro de persoal para garantir os descansos legais establecidos sen afectar negativamente aos servizos públicos de prevención e extinción de incendios forestais e de planificación e ordenación forestal.
- Redución do horario anual que supera as 2000 horas.
- Regulación do traballo en fins de semana, festivos, gardas e descansos compensatorios e garantir 15 días de vacacións no verán.
- Distribución da carga de traballo e maior organización entre a xestión de montes, a prevención e loita contra incendios forestais e a xestión do persoal adscrito aos distritos forestais.
- Eliminar a dispoñibilidade absoluta dos xefes de distrito e establecer un segundo xefe de garda por distrito forestal.
- Segunda actividade e coeficiente redutor para a xubilación anticipada.

No desenvolvemento da folga e na aplicación da orde de servizos mínimos, que inicialmente foron pactados, os sindicatos denuncian os seguintes incumprimentos e comportamentos ilícitos:

- Externalización da dirección dos contratos de obra, substituíndo ao persoal técnico que está en folga por persoal alleo.
- Imposición de cambio de cuadrantes e calendarios de traballo, o que supuxo que en determinados días e distritos se pasase, dos servizos mínimos pactados do 66 %, a uns servizos mínimos do 100 %. Ademais, a modificación dos cuadrantes e calendarios de traballo dos xefes de distrito, provocou que se incumpra, durante dous días cada semana e nos 19 distritos, a presenza en servizo mínimo dun xefe de garda nos centros de coordinación de distrito.



- Modificación a través dunha instrución da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal do procedemento de entrega, recepción e seguimento dos lotes de madeira en xestión pública; encomendando determinados traballos que lle corresponde realizar ao persoal técnico dos distritos forestais que secunda a folga a outros colectivos, nun claro acto de vulneración da liberdade sindical.
- Presións, coaccións e pseudo ameazas, para que se realicen os informes e executar distintas tramitacións non recollidas dentro da orde de servizos mínimos, que establece claramente que o traballo a realizar en período extraordinario serán só "para as tarefas de coordinación e de dirección de medios de extinción de incendios".
- Envío de correos selectivos, o venres 21 de agosto, e non a todo o persoal afectado pola folga, correos, baixo o pretexto de facer o seguimento da mesma, onde se daban instrucións de notificar no caso de deixar de secundar a folga.

Por estes motivos, o comité de folga do persoal técnico forestal acordou formular a correspondente demanda xudicial, por vulneración grave do dereito fundamental do exercicio de folga, así como a posible prevaricación do conselleiro e da secretaria xeral técnica de Medio Rural, por externalizar a dirección de obras “a propósito”, de que estaban facendo algo que a xurisprudencia recolle como “*esquirolismo patronal*”.

Posteriormente os sindicatos denuncian que en represalia polo éxito da folga convocada e secundada de forma maioritaria polo persoal técnico do SPIF dende o 1 de agosto, a Consellería de Medio Rural vén de aplicar descontos salariais ilegais nos días en que as persoas traballadoras prestan servizos en cumprimento dos servizos mínimos, denuncian que, a pesares do estrito cumprimento dos servizos mínimos estipulados pola Administración, que dan fe da máxima responsabilidade e compromiso do colectivo có servizo público de prevención e extinción de incendios, a Consellería decidiu, en un claro acto de mala fe, coaccionar aos traballadores aplicando descontos ilegais nos días de traballo por servizos mínimos, incumprindo a normativa vixente e tentando de forma ilegal impedir o exercicio do dereito a folga. Algo polo que comunicaron que tamén formularían a correspondente demanda xudicial por vulneración grave de dereitos fundamentais, reclamando na mesma o cese inmediato desta actuación e a reposición íntegra das cantidades retidas de xeito ilegal.



Cuestións como que se desconte menos cantos máis incendios, considerar do mesmo xeito un incendio de 7 gardas cun incendio dunha hora, etc...

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non entendemos que a Consellería siga a desoír os permanentes chamamentos ao diálogo feitos dende as organizacións sindicais e aumente máis a crispación dun colectivo, que xa leva máis de 27 meses reclamando á Administración que se sente a negociar.

En consecuencia, o deputado e a deputada que asina formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que opinan das condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galiza do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais?
2. Cal é o motivo de ter paralizada a mesa de negociación dun novo acordo, cando se comprometeran a presentar unha proposta antes da finalización do 2019? Por que non responden as continuas solicitudes feitas no 2020 polas persoas traballadoras para reanudar a negociación?
3. Cumpriu a Consellería a orde de servizos mínimos pactada e non vulnerou o dereito a folga dos e das traballadoras afectadas?
4. Cales foron as motivacións que seguiu a Consellería de Medio Rural para aplicar os descontos excesivos denunciados polos e polas traballadoras en folga?
5. Creen que tensar a situación con estas medidas e sen convocar a mesa de negociación axuda a ter o mellor clima laboral para desenrolar unha importante actividade como é a loita contra os incendios forestais?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro do 2020

Asdo.: **Martín Seco García**
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 04/09/2020 09:57:15





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2020 10:02:21
Nº Rexistro: 1298
Data envío: 04/09/2020 10:02:21.310

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/09/2020 09:57:28

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez, Noa Díaz Varela e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 31 establece que: “É competencia plena da Comunidade Autónoma o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o parágrafo primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan. das facultades que atribúe ao Estado o número trinta do apartado un do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía”.

No mesmo sentido está contemplado en toda a normativa aprobada pola Xunta de Galicia, como se recolle no último decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (Decreto 138/2018, do 8 de novembro, publicado no Diario Oficial de Galicia do 16 de novembro de 2018), que no seu Título I, artigo 1. Ámbito competencial, establece: “A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; ...”

Xa que logo, non cabe lugar a dúbidas de que é a Xunta de Galicia, a través da Consellería competente na materia, é a administración que ten a competencia exclusiva en materia de ensino regrado.

A Deputación da Coruña xestiona e sostén economicamente desde hai décadas dous centros educativos, o IES Calvo Sotelo e o IES Puga Ramón, os dous situados no termo municipal da Coruña, non correspondéndolle a esta administración ningunha competencia en materia de ensino.



Nos orzamentos da Deputación provincial da Coruña para 2020, contéplanse partidas para o financiamento destes dous centros, 2.856.086 € para o IES Puga Ramón e 2.957.501 € para o IES Calvo Sotelo.

Na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, recóllense as competencias das deputacións provinciais, no artigo 36 as competencias propias e nos artigos 116 bis, e 116 ter, outras competencias subsidiarias, sen que en ningún caso se contemplan as competencias en ensino regrado.

En reiteradas ocasións os presidentes da Deputación Provincial da Coruña teñen solicitado á Xunta de Galicia que asuma estes dous centros de ensino, exercendo a competencia exclusiva que lle outorga o Estatuto de Autonomía de Galicia. A última reiteración desta solicitude produciuse na intervención na Comisión 3ª do debate dos orzamentos da Comunidade para o exercicio 2020, onde o actual presidente Valentín González Formoso o solicitaba unha vez máis.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego desta anómala situación?
2. Cando vai o Goberno galego asumir estes dous centros sobre os que ten competencia exclusiva?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Luís Manuel Álvarez Martínez
Noa Díaz Varela
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/09/2020 10:47:54





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/09/2020 10:48:06

Noa Susana Díaz Varela na data 04/09/2020 10:48:18

Pablo Arangüena Fernández na data 04/09/2020 10:48:31



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero, Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Paloma Castro Rey, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Deputación Provincial da Coruña xestiona e sostén economicamente dende hai décadas dous centros de menores (Fogar Infantil Emilio Romay da Coruña e Centro de Menores de Ferrol).

A pesar de que as competencias en ámbitos tan sensibles coma a atención, coidado e protección dos menores en situacións especialmente vulnerables ou en risco de exclusión social son de competencia exclusiva da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña mantén practicamente en exclusiva estes dous centros sociais cun investimento global que supera os 4 millóns de euros anuais.

Nos orzamentos 2020 da Deputación Provincial da Coruña contéplanse as seguintes partidas iniciais para o financiamento destes centros: 2.747.981 € para o fogar Infantil Emilio Romay da Coruña, con 56 persoas usuarias e onde traballan 64 profesionais e 1.281.668 € para o centro de menores de Ferrol, con 75 persoas usuarias e onde traballan 30 profesionais; en total 4.029.649 euros, o que supón que a Deputación Provincial da Coruña destine entre o 5 e o 6 % do seu orzamento anual (184M € en 2020) ao sostemento de dous centros educativos e dous centros de menores, a pesar de non ter as competencias nestes dous ámbitos.

Como consecuencia desta asunción de competencias impropias, a Deputación Provincial da Coruña inviste 10 millóns de euros cada ano en centros sociais e educativos que debería manter a Xunta de Galicia e deixa de investilos nos concellos, que son o seu principal destinatario; dito doutro xeito, esta situación fai que os 93 concellos da provincia da Coruña deixaran de percibir na última década 100 millóns de euros en investimentos da Deputación.

A transferencia á Xunta de Galicia dos centros sociais e educativos que xestiona a Deputación da Coruña vén sendo demandada dende 2015, e posto sobre a mesa o 7 de outubro de 2015 na reunión institucional que mantiveron o presidente da Xunta de Galicia, e o presidente provincial da Coruña, na que o presidente da Xunta de Galicia Feijóo comprometeuse a convocar aos presidentes/as das catro



deputacións galegas para “facer un seguimento do protocolo de colaboración asinado en 2012 e ver se podemos intensificalo, reorientalo e, se é posible, mellorar o contido e os acordos que asinamos as catro deputacións e a Xunta de Galicia”. Un compromiso que, case cinco anos despois, segue incumprido.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego de esta anómala situación?
2. Cando vai o Goberno galego asumir estes dous centros sobre os que ten a competencia exclusiva?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Pablo Arangüena Fernández
Julio Torrado Quintela
Paloma Castro Rey
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/09/2020 11:04:34

Marina Ortega Otero na data 04/09/2020 11:04:45

Pablo Arangüena Fernández na data 04/09/2020 11:04:55

Julio Torrado Quintela na data 04/09/2020 11:05:06

Paloma Castro Rey na data 04/09/2020 11:05:19



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero, Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Paloma Castro Rey, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Deputación Provincial da Coruña xestiona e sostén economicamente dende hai décadas dous centros de menores (Fogar Infantil Emilio Romay da Coruña e Centro de Menores de Ferrol).

A pesar de que as competencias en ámbitos tan sensibles coma a atención, coidado e protección dos menores en situacións especialmente vulnerables ou en risco de exclusión social son de competencia exclusiva da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña mantén practicamente en exclusiva estes dous centros sociais cun investimento global que supera os 4 millóns de euros anuais.

Nos orzamentos 2020 da Deputación Provincial da Coruña contéplanse as seguintes partidas iniciais para o financiamento destes centros: 2.747.981 € para o fogar Infantil Emilio Romay da Coruña, con 56 persoas usuarias e onde traballan 64 profesionais e 1.281.668 € para o centro de menores de Ferrol, con 75 persoas usuarias e onde traballan 30 profesionais; en total 4.029.649 euros, o que supón que a Deputación Provincial da Coruña destine entre o 5 e o 6 % do seu orzamento anual (184M € en 2020) ao sostemento de dous centros educativos e dous centros de menores, a pesar de non ter as competencias nestes dous ámbitos.

Como consecuencia desta asunción de competencias impropias, a Deputación Provincial da Coruña inviste 10 millóns de euros cada ano en centros sociais e educativos que debería manter a Xunta de Galicia e deixa de investilos nos concellos, que son o seu principal destinatario; dito doutro xeito, esta situación fai que os 93 concellos da provincia da Coruña deixaran de percibir na última década 100 millóns de euros en investimentos da Deputación.

A transferencia á Xunta de Galicia dos centros sociais e educativos que xestiona a Deputación da Coruña vén sendo demandada dende 2015, e posto sobre a mesa o 7 de outubro de 2015 na reunión institucional que mantiveron o presidente da Xunta de Galicia, e o presidente provincial da Coruña, na que o presidente da Xunta de Galicia Feijóo comprometeuse a convocar aos presidentes/as das catro



deputacións galegas para “facer un seguimento do protocolo de colaboración asinado en 2012 e ver se podemos intensificalo, reorientalo e, se é posible, mellorar o contido e os acordos que asinamos as catro deputacións e a Xunta de Galicia”. Un compromiso que, case cinco anos despois, segue incumprido.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego de esta anómala situación?
2. Cando vai o Goberno galego asumir estes dous centros sobre os que ten a competencia exclusiva?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Pablo Arangüena Fernández
Julio Torrado Quintela
Paloma Castro Rey
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/09/2020 11:11:45

Marina Ortega Otero na data 04/09/2020 11:11:57

Pablo Arangüena Fernández na data 04/09/2020 11:12:34

Julio Torrado Quintela na data 04/09/2020 11:12:48

Paloma Castro Rey na data 04/09/2020 11:13:03



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Daniel Vega Pérez e Borja Verea Fraiz deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos:**

O Goberno de Galicia fixouse como obxectivo prioritario da súa actuación reforzar a seguridade viaria nas estradas da súa titularidade.

Para acadar este obxectivo está a desenvolver diversas actuacións nos 5.500 quilómetros das vías da súa competencia, entre as que se encontra o Plan de reforzos de firme, o Plan de Sendas de Galicia, o Programa específico de seguridade e inspección das pontes e obras de paso, que vén de ampliar aos noiros e muros das estradas autonómicas, ou a eliminación dos treitos de concentración de accidentes que ten identificados.

Esta última liña de actuación é unha medida coa que o Goberno galego dá resposta ao mandato feito polo Parlamento durante o Debate Anual de Política Xeral de outubro de 2017.

Tamén o Goberno do Estado, como titular dunha ampla rede de estradas na nosa Comunidade, debería activar un programa similar ao que vén aplicando a Xunta nas estradas da súa competencia, dado que os denominados puntos negros son bastante abundantes nas estradas estatais que discorren polo noso territorio.

Co propósito de coñecer polo miúdo o avance dos distintos proxectos e os investimentos previstos no marco desta estratexia do Goberno galego para eliminar os treitos de concentración de accidentes os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

1. Cal é o grado de desenvolvemento actual da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados nas estradas autonómicas?
2. Que actuacións concretas está a levar a cabo o Goberno galego no marco deste plan?



3. A canto ascenden os investimentos previstos para a eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados na rede autonómica de estradas?
- 4.- O Goberno galego dispón de información sobre se o Goberno español está a adoptar medidas similares nas estradas de titularidade estatal?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 04/09/2020 11:49:44

María Elena Candia López na data 04/09/2020 11:50:05

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 04/09/2020 11:50:23

Ramón Carballo Páez na data 04/09/2020 11:50:45

María Sol Díaz Mouteira na data 04/09/2020 11:51:01

Daniel Vega Pérez na data 04/09/2020 11:51:24

Borja Verea Fraiz na data 04/09/2020 11:51:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Orde do 4 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento TR353B).

Como unha das medidas para a súa implementación, concíbense estes programas a través da posta en funcionamento de programas mixtos de emprego e formación (talleres de emprego) que, promovidos por entidades locais, están dirixidos a mellorar a ocupación das persoas de dezaioito ou máis anos incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social. Estas persoas deberán estar inscritas na base de datos do Sistema nacional de garantía xuvenil en Galicia e acreditar previamente o cumprimento dos requisitos de acceso ao programa.

Nesta convocatoria de 2019, a distribución provincial de créditos para a financiación destes programas realizarase tendo en conta o número de persoas inscritas por provincia no Sistema nacional de garantía xuvenil o último día do mes anterior a data de publicación do extracto da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.



En relación con esta orde, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cales foron os proxectos/programas de garantía xuvenil desenrolados pola Xunta de Galicia no ano 2019, con detalle dos módulos ou especialidades impartidas e número de alumnos e alumnas?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Paloma Castro Rey
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/09/2020 12:23:20

Marina Ortega Otero na data 04/09/2020 12:23:32

Julio Torrado Quintela na data 04/09/2020 12:23:43

Paloma Castro Rey na data 04/09/2020 12:25:08



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR353B).

Como unha das medidas para a súa implementación, concíbense estes programas de emprego para persoas mozas como programas integrais dirixidos a mellorar a ocupación das persoas de dezaioito ou máis anos incluídos no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social así como a promover a inserción laboral das persoas participantes mediante a concesión de incentivos de contratación.

Desta maneira os programas de emprego para persoas mozas combinan dous aspectos relevantes. Por unha banda a formación e aprendizaxe das persoas mozas mediante as actuacións subvencionadas por medio da presente orde de convocatoria. Por outra banda os programas promoven a inserción laboral das persoas participantes que rematen a fase de formación e aprendizaxe con resultado de apta/o mediante unha futura convocatoria de incentivos á contratación por conta allea en empresas durante un mínimo de 6 meses a xornada completa para ocupacións do ámbito das materias impartidas na fase de formación.



En relación con esta orde, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cales foron os proxectos/programas de garantía xuvenil aprobados pola Xunta de Galicia no ano 2020, con detalle dos módulos ou especialidades impartidas e número de alumnos e alumnas e fase na que se encontran?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Paloma Castro Rey
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/09/2020 12:22:03

Marina Ortega Otero na data 04/09/2020 12:22:17

Julio Torrado Quintela na data 04/09/2020 12:22:27

Paloma Castro Rey na data 04/09/2020 12:22:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A delegación de medio ambiente da Xunta de Galiza en Lugo autorizou unha batida de lobos que tivo lugar o pasado 30 de agosto e que foi desenvolvida por unha sociedade cinexética no coto de caza “O Azor” situado nos concellos de Xove, Cervo e Burela. Segundo denunciaron numerosos colectivos ambientalistas, esta autorización foi concedida de xeito irregular xa que contravén a normativa autonómica do Plan de Xestión do Lobo de Galiza, aprobada mediante o Decreto 297/2008:

- Non se cumpren as medidas establecidas no Plan de xestión do lobo pois non se deron os factores de recorrencia e grao de danos para activar unha medida tan excepcional.
- Non se tomaron medidas para a protección do gando da zona.

Ademais, o Plan de xestión do lobo establece no artigo 10 que calquera medida de control de poboacións en zonas 3 (que é o caso destes concellos) ten que ser levada a cabo por axentes de medio ambiente, en ningún caso por unha sociedade cinexética:

Artigo 10.2:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Na zona 3 os controis terán carácter excepcional e só poderán ser realizados por axentes da consellaría competente en materia de ambiente.”

2. Nos meses previos a esta actuación irregular autorizada pola consellaría de medio ambiente, concretamente o 7 de agosto de 2019 e o 18 de xuño de 2020, os colectivos ambientais Rebinxe e Grupo Lobo Galicia trasladaron á consellaría un informe técnico-científico sobre a situación deste grupo de lobos establecido desde fai tempo na zona e propoñendo unha serie de medidas preventivas sinxelas e de baixo custo co obxecto de favorecer a convivencia co lobo.

3. É unha grave irresponsabilidade que desde a administración se alenten comportamentos alarmistas e populistas, que non se atenda nin se colabore cos colectivos que velan desinteresadamente pola preservación da biodiversidade, que non se desenvolvan as medidas de prevención, compensación, información e sensibilización previstas no Plan de xestión da especie, e que se actúe sen ningún rigor nin criterio técnico e científico. Máis é aínda máis grave que se permitan actuacións completamente irregulares e contrarias ao establecido no citado Plan de xestión.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Quen autorizou a batida de lobos irregular que tivo lugar en Xove o pasado 30 de agosto de 2020?

2. Comparte a consellaría de medio ambiente a actuación desenvolvida pola delegación de Lugo na tramitación da citada autorización?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que actuacións realizou a Dirección Xeral de Patrimonio Natural (informes, consultas verbais) en relación co expediente de autorización desta batida ilegal?

4. Que actuacións desenvolveu a Dirección Xeral de Patrimonio Natural en relación cos informes presentados polas entidades ambientais Rebinxe e Grupo Lobo Galicia?

5. Que actuacións desenvolveu a Dirección Xeral de Patrimonio Natural en relación coas denuncias de irregularidades na autorización dunha medida contraria ao Plan de xestión do lobo?

6. Que actuacións está levando a cabo o goberno galego para dar cumprimento ao establecido no Plan de Xestión do Lobo?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/09/2020 12:44:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 04/09/2020 12:44:08

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2020 12:44:13



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Daniel Vega Pérez e Borja Vereá Fraiz deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos:**

Nos últimos anos o Goberno galego fixo explícito en numerosas ocasións o seu compromiso e implicación co desenvolvemento da intermodalidade nas principais cidades galegas.

Un compromiso que xurde do convencemento de que este tipo de infraestruturas son estratéxicas para o fomento dunha mobilidade sostible a través do transporte público, así como para a creación nas cidades galegas de novos polos de dinamización económica e para o fortalecemento da competitividade do noso territorio.

Esta aposta vense traducindo en feitos no que respecta ás actuacións dependentes da Administración autonómica, tanto no que atinxe aos trámites administrativos e urbanísticos que tales actuacións requiren, como no impulso das obras naqueles casos nas que as tarefas de construción xa están en marcha.

Así, as previsións da Xunta son que as primeiras terminais de autobuses das estacións intermodais en estar rematadas serán as de Ourense, Santiago e Pontevedra, todas elas en plena execución.

Progresá, así mesmo, a redacción do proxecto construtivo e a tramitación urbanística necesaria para a licitación da nova estación de autobuses da Coruña, que inclúe a dotación dun aparcadoiro para a zona na que se asenta. Avanzan a bo ritmo as obras da estación de autobuses da intermodal de Vigo, condicionada polo retraso rexistrado na aprobación por parte do Goberno de España do convenio para o cofinanciamento dos accesos.

No caso de Lugo, a Xunta está a redactar o proxecto construtivo da nova estación de autobuses, ademais de deseñar a conversión do lugar que ocupa a actual terminal nun gran espazo público social e comercial, mentres negocia co Concello de Lugo e o Ministerio de Transportes un acordo que estableza o reparto de responsabilidades e de financiamento.

No caso de Ferrol, o Goberno galego formulou ao Concello e a Adif unha proposta para o desenvolvemento conxunto da estación intermodal. Neste caso, como no de Lugo, o



desenvolvemento da nova infraestrutura debe ir acompañada, de forma imprescindible, dun avance decidido na modernización da liña ferroviaria.

A posta en marcha de infraestruturas desta envergadura require, a maiores dun salientable investimento económico, a colaboración e coordinación entre as administracións implicadas para, co esforzo de todas, poder executalas en prazos razoables e así poder poñelas á disposición da cidadanía o antes posible. Sen embargo, a dilixencia amosada polo Goberno galego non é asimilable á das outras administracións implicadas, nomeadamente en todo aquilo que depende do Goberno central.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Que previsións contempla o Goberno galego para a dotación de infraestruturas intermodais nas principais cidades galegas?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 04/09/2020 12:19:38

María Elena Candia López na data 04/09/2020 12:19:53

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 04/09/2020 12:20:07

Ramón Carballo Páez na data 04/09/2020 12:20:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Sol Díaz Mouteira na data 04/09/2020 12:21:00

Daniel Vega Pérez na data 04/09/2020 12:21:12

Borja Verea Fraiz na data 04/09/2020 12:21:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Pedro Puy Fraga, Encarna Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Antonio Rodríguez Miranda, Gabriel Alén Castro, Marta Nóvoa Iglesias, Elena Suárez Sarmiento e Sandra Vázquez Domínguez deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do artigo 152 e concordantes do regulamento da cámara presentan a seguinte **pregunta oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

Despois dun longo percorrido, finalmente a Xustiza fallou a favor de Galicia, ditaminando que o Pazo de Meirás debe reintegrarse ao patrimonio público. Este proceso iniciouse hai case tres anos, grazas ao gran consenso acadado por todos os galegos.

En 2017, o Parlamento solicitou á Xunta de Galicia que iniciase un estudo xurídico, en colaboración coas tres universidades, para estudar a posibilidade e os mecanismos xurídicos máis adecuados para a recuperación das Torres de Meirás.

Cumprindo o mandato do Parlamento, o Goberno galego crea unha Comisión de Expertos que elabora dito estudo, concluíndo que a Administración Xeral do Estado estaba lexitimada para o exercicio dunha acción reivindicatoria fronte á familia Franco.

A Xunta entregou o estudo no Parlamento, que por unanimidade instou ao Goberno do Estado a iniciar un proceso civil para que Meirás se reintegre ao patrimonio público.

Como resultado de todo este proceso, o Xulgado de Primeira Instancia da Coruña falla hoxe a favor da reivindicación de Galicia, e o inmovible debe ser restituído ao Estado. Os deputados do Grupo Popular consideran que debe ser o pobo galego quen xestione este ben, desenvolvendo diversos usos acordes á súa sobranceira historia e ao seu valor coma patrimonio cultural de Galicia.

É importante recordar que antes do seu uso polo ditador Franco foi a residencia de Emilia Pardo Bazán e aínda conserva parte da súa biblioteca.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego da restitución ao patrimonio público do Pazo de Meirás e cal considera que debe ser o futuro uso do inmovible?



Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/09/2020 13:11:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/09/2020 13:11:21

Antonio Rodríguez Miranda na data 04/09/2020 13:11:32

Gabriel Alén Castro na data 04/09/2020 13:11:52

Marta Nóvoa Iglesias na data 04/09/2020 13:12:08

María Elena Suárez Sarmiento na data 04/09/2020 13:12:32

Sandra Vázquez Domínguez na data 04/09/2020 13:12:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Ramón Carballo Páez, Martín Fernández Prado, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Marisol Díaz Mouteira, Daniel Vega Pérez e Borja Vereá Fraiz deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos:**

O Grupo Parlamentario Popular aposta por un transporte público de calidade e non hai dúbida de que o ferrocarril é unha das opcións idóneas para garantir que os cidadáns teñan unha mobilidade segura, cómoda e sustentable dende o punto de vista ambiental.

Este compromiso co transporte ferroviario, compartido polo Goberno galego, non pode facerse extensible ao Goberno de España, posto que nos últimos tempos estamos a asistir a un continuo desmantelamento dos servizos ferroviarios na nosa comunidade autónoma, tanto no que atinxe ás frecuencias como aos traxectos.

Unha situación que resulta aínda, se cabe, máis preocupante no que atinxe ás obras que permitirán a chegada do AVE a Galicia, cuxos prazos, ademais de ser obxecto de modificación continua, estanse a incumprir de xeito reiterado por parte do Goberno central. Este contexto xeral incerto vese agravado se o punto de mira se concentra sobre as previsións para que a provincia de Lugo se poida ver conectada coa alta velocidade.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Ten coñecemento o Goberno galego das previsións e calendario que manexa o Goberno español en relación coa modernización da liña ferroviaria entre Lugo e Ourense e a súa conexión coa alta velocidade?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2020.



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 04/09/2020 13:27:32

Ramón Carballo Páez na data 04/09/2020 13:27:47

Martín Fernández Prado na data 04/09/2020 13:28:00

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 04/09/2020 13:28:13

María Sol Díaz Mouteira na data 04/09/2020 13:28:24

Daniel Vega Pérez na data 04/09/2020 13:28:40

Borja Verea Fraiz na data 04/09/2020 13:28:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pouco despois da morte do Ditador Francisco Franco, o seu sucesor Juan Carlos de Borbón concedía á súa descendencia os títulos nobiliarios do Señorío de Meirás e do Ducado de Franco, coa dignidade de Grandeza de España. Con estes títulos a Monarquía lexitimaba e concedía privilexios á familia do Ditador, unha situación que se mantivo por decisións dos sucesivos gobernos do Estado. E asemade dáballe continuidade e lexitimidade á concesión de títulos nobiliarios por parte do Ditador a destacados dirixentes fascistas, títulos que foron renovados por todos os gobernos de España e sancionados polo Monarca.

A concesión dos citados privilexios, a apropiación por parte da familia Franco de propiedades e bens públicos, a impiedade dos crimes do franquismo, o esquecemento das vítimas da Ditadura conforman unha páxina negra da transición e poñen en evidencia as eivas do réxime do 78. Constitúen unha vergoña para a democracia, unha ofensa para as vítimas e un ataque á dignidade colectiva do pobo galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mes de marzo de 2018 o BOE publicaba a solicitude de Carmen Martínez Bordiú para herdar o título do Ducado de Franco. Unha herdanza polo demais libre de cargas por decisión no seu día de Juan Carlos I.

A xuízo do BNG e de moitas persoas e entidades, a pervivencia destes títulos é incompatíbel co respecto aos valores democráticos e co recoñecemento á memoria de centos de miles de persoas que foron vítimas da Ditadura.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Está de acordo o goberno galego coa concesión de títulos nobiliarios á familia Franco e coa renovación dos citados privilexios?

Que medidas prevé adoptar o goberno galego para rematar con este atentado aos valores democráticos e con esta ofensa á memoria das vítimas da Ditadura?

Considera necesario demandar ao goberno do Estado a anulación de todos os títulos nobiliarios que honran a nomes relacionados coa represión franquista?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Iria Carreira Pazos
Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 04/09/2020 13:31:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/09/2020 13:31:59

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2020 13:32:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente sentenza do xulgado de primeira instancia número 1 de Coruña que condena á familia Franco a devolver O Pazo de Meirás ao Estado sen ningún tipo de indemnización pon en evidencia o roubo sistemático perpetrado polo Ditador Francisco Franco en Galiza durante a Ditadura, no que constituíu un auténtico “latrocinio” de bens mobles e inmobles de titularidade pública e privada que acabaron no patrimonio persoal do Ditador e da súa familia. Estamos diante dun claro exemplo de enriquecemento ilícito e de malversación de fondos públicos posto que unha grande parte destes bens foron adquiridos mediante a coacción, a forza ou o uso de recursos públicos.

Se ben o Pazo de Meirás é o expoñente máis claro desta apropiación de bens, existen moitos outros que tamén pasaron a ser propiedade do Ditador por medios fraudulentos, irregulares ou ilícitos, como é o caso da Casa Cornide, as estatuas de Abraham e Isaac, as pías bautismais de San Xián de Moraime, o Pazo de Bendaña (Dodro), diversas obras de arte, así como fontes, cruceiros, balaustradas e escudos que foron trasladados desde outros pazos galegos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En realidade, estamos a falar dun macroespolio que contou coa participación do aparello do Estado e coa complicidade da elite política e empresarial daquel tempo, que tamén resultou beneficiada da trama: por iso o BNG considera que o estudo desta apropiación de bens tamén debe poñer o foco nas prebendas e beneficios que obtiveron as persoas que participaron na trama que fixo posíbel o enriquecemento dos Franco.

Para o BNG, o coñecemento da verdade histórica é unha mostra de saúde democrática e de transparencia. E tamén o primeiro paso para que se faga xustiza, para que se recoñeza o roubo sistemático e a corrupción a grande escala que son sinais de identidade do franquismo, e para que se devolvan aos seus lexítimos propietarios todos aqueles bens que foron adquiridos e transmitidos de maneira enganosa, ilícita ou fraudulenta.

Por todo isto, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

1. Ten previsto a Xunta de Galiza encargar a unha comisión independente un informe amplo e exhaustivo sobre todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio dos Franco de maneira irregular ou ilícita?

2. Considera necesario o goberno galego facer unha avaliación dos beneficios obtidos pola familia Franco como consecuencia da venda daqueles bens que foron adquiridos de maneira ilícita ou fraudulenta?

3. Considera de interese o goberno galego elaborar un inventario de propiedades mobles e inmobles espoliadas no que figure a súa procedencia, a propiedade orixinal, o método de adquisición ou apropiación, os valores históricos, artísticos e culturais, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

valor económico estimado, a situación actual e as entidades ou persoas lexitimadas para a súa recuperación?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2020

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2020 14:00:11

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/09/2020 14:00:15

Iria Carreira Pazos na data 04/09/2020 14:00:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector pesqueiro en xeral, e o marisqueiro en particular, é un dos motores da economía do concello da Pobra do Caramiñal, malia as dificultades que leva xa moito tempo atravesando.

A Confraría da Pobra veu reducido o seu número de profesionais á metade nos últimos anos por distintas razóns (escaseza de marisco, verquidos á ría de todo tipo, aumento do furtivismo, redución paulatina de áreas produtivas, etc.), sen que as distintas administracións escoiten e atendan as súas demandas.

A construción do peirao comercial e a súa posterior ampliación, e o recheo que hoxe serve basicamente de aparcamento supuxeron dende o primeiro momento a perda definitiva dunha área produtiva de mariscos nas concesións da Confraría da Pobra que trouxo unha diminución dos recursos do seu sector marisqueiro.

Foron actuacións que fixeron perder arredor de 400.000 metros cadrados de zonas produtivas, que afectaron á dinámica das correntes e á redistribución dos sedimentos que existía nesa área, provocando un estancamento da auga e unha acumulación significativa dos lodos que non favorece o desenvolvemento do marisco





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nas concesións máis pretas ao peirao: O Areal e Os Raposiños, dúas das máis importantes que ten o sector na Pobra.

As queixas e reclamación dos distintos patróns maiores da Confraría sucedéronse dende entón, facendo sempre a mesma proposta á administración autonómica: A apertura de varias canles de corrente no vial que da acceso ao peirao comercial.

E así foi como no ano 2011, o presidente de Portos de Galicia naquel momento, nunha visita á Pobra, asegurou publicamente que no seu día xa se tiña levado a cabo un estudo técnico e anunciou a realización dun novo estudo, neste caso biolóxico e ambiental, para coñecer os posíbeis beneficios que podería reportar para os bancos marisqueiros a solución proposta pola Confraría e a que, aínda a día de hoxe, constitúe a súa principal demanda en canto a infraestruturas.

Despois de 9 anos de anuncios, na actualidade o problema segue sen resolverse e, o que é peor, na actualidade ninguén asegura que existan sequera os estudos que hai anos se publicitaran.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Que valoración fai o goberno galego da perda de diminución dos recursos do sector marisqueiro da Pobra do Caramiñal nos últimos anos?

2.- Ten constancia a Xunta de Galiza das reiteradas reclamacións da Confraría da Pobra do Caramiñal referidas ás canles de corrente no peirao comercial da localidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Ten coñecemento a Xunta de Galiza de que en Portos de Galicia, ou na Consellería do Mar, existise nalgún momento algún estudo de calquera tipo referido á apertura de canles de corrente no peirao comercial da Pobra do Caramiñal?

4.- De existir, cales son as súas conclusións?

5.- De non existir, a que atribúe o goberno galego as declaración públicas do presidente de Portos de Galicia do ano 2011?, vai o goberno galego levalo a cabo a curto prazo?, en que horizonte temporal?

6.- En calquera caso, que actuacións ten previstas levar a cabo a Xunta de Galiza para poñer solución á problemática causada pola falla de canles de corrente no peirao comercial da Pobra do Caramiñal que está a provocar unha progresiva perda de recursos ao sector marisqueiro dese concello?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 07/09/2020 11:13:52

María do Carme González Iglesias na data 07/09/2020 11:13:56

Rosana Pérez Fernández na data 07/09/2020 11:14:08



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Nestes últimos once anos de goberno do Partido Popular, tanto Galicia como a provincia de Lugo sufriron as consecuencias das malas políticas sanitarias desenvoltas pola Xunta de Galicia. Nun claro desprezo cara os servizos públicos asistimos a exemplos extremos de precarización, con persoal sanitario que chega a asinar máis de 200 microcontratos ao ano.

Unha aposta pola desigualdade, que creaba zonas de cobertura insuficiente ou nas que se deixan de prestar determinados servizos, especialmente no rural. Estas malas políticas afectaron tamén aos grandes hospitais, nos que nesta década se converteu en costume o colapso dos servizos de urxencias, debido á mala planificación do sistema.

No que fai referencia ao principal centro hospitalario de Lugo, os gobernos do PP ao fronte da Xunta de Galicia puxeron de relevo unha situación case que permanente de infradotación de servizos, que non deixaron de ser reclamados polos/as profesionais ou por veciños/as e as entidades agrupadas na Plataforma en Defensa da Sanidade Pública.

Polo menos, desde o ano 2012, veciños/as e profesionais médicos veñen reclamando a creación dunha unidade de ictus no HULA. Unha unidade que permita atender a pacientes con enfermidade cerebrovascular aguda. Estas unidades teñen importancia como centro de recepción de pacientes derivados desde as urxencias extrahospitalarias ou doutros hospitais. Os estudos médicos amosaron que as unidades de ictus melloran as cifras de mortalidade, melloran o proceso de recuperación e diminúen a dependencia das persoas doentes. É ademais unha medida custo-efectiva, xa que diminúe o tempo de estancia media destas persoas.

Cómpre recordar que na provincia de Lugo sofren anualmente de ictus unhas 800 persoas, dos máis de 100.000 casos que se rexistran en España. O ictus é a primeira causa de morte nas mulleres, e primeira causa de incapacidade en



adultos, e estímase que aínda que a súa mortalidade se vai reducindo, a súa incidencia aumentará nun 27 % no próximo cuarto de século. A pesar destas cifras, e das reclamacións repetidas ao longo dos anos, temos chegado ata hoxe sen resposta por parte das autoridades sanitarias da Xunta de Galicia.

Lugo e Ourense son hoxe as dúas provincias que carecen deste tipo de servizo nos seus principais centros hospitalarios. No caso de Lugo, lembrar que o HULA non dispón sequera dun neurocirurxán de garda as 24 horas. Coa ironía engadida de que este centro está incluído, como todos os do Sergas, no programa Código Ictus, que busca unha atención temperá e especializada neste tipo de doenza.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia dotar o HULA do servizo de garda de neurocirurxía de 24 horas? Se fora o caso, en que prazo? Ten pensado a Xunta de Galicia poñer os medios necesarios para a creación no HULA dunha unidade de ictus? Se fora o caso, en que prazo?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia poñer os medios necesarios para a creación no HULA dunha unidade de ictus? Se fora o caso, que prazos manexa a Xunta de Galicia para a creación desta unidade de ictus no HULA?
3. Vai a Xunta de Galicia desenvolver por completo o programa Código Ictus no conxunto do territorio galego?

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2020

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 07/09/2020 12:02:57

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2020 13:22:09
Nº Rexistro: 1373
Data envío: 07/09/2020 13:22:09.449

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/09/2020 12:03:07

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2020 12:03:17

Marina Ortega Otero na data 07/09/2020 12:03:30

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGqYpLDQU0i3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O fortalecemento da atención primaria faise se cabe máis necesaria na situación que estamos a atravesar derivada da pandemia xerada pola COVID-19. Sen embargo, estamos a ver que o goberno popular da Xunta de Galicia opta na Provincia de Lugo polo peche de centros de saúde ou pola non cobertura de baixas dos profesionais sanitarios da atención primaria.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.



No concello de A Pontenova a atención sanitaria está a cargo dos e das profesionais do centro de saúde. Existe nos últimos tempos unha tendencia a reducir o número de persoal que atende no centro, aproveitando baixas e xubilacións. Este é o caso do número de facultativos médicos, que pasou de 3 a 2 pola xubilación dun deles no ano 2018 e que a Xunta de Galicia se nega a repoñer, ou do paso de 2 a 1 profesional PSX. Estes recortes producen maior saturación tanto na atención médica como na organización do centro. O PAC de referencia para A Pontenova é o do concello de Meira, que en días como o sábado pola mañá ten unicamente un ATS que ten que atender tanto ao PAC como á atención domiciliaria.

Para A Pontenova o correcto funcionamento do centro de saúde é indispensable, pois é un concello de poboación moi dispersa e envellecida, con máis dun terzo da poboación por riba dos 65 anos, onde os pacientes xa contan cunhas patoloxías previas que precisan de maior atención e máis tempo de consultas. Estas características condicionan a necesidade dunha atención próxima e áxil, que precisa de maiores medios humanos para non saturar as necesidades sobre os profesionais restantes no centro. Os e as veciñas do rural merecen tamén uns servizos públicos de calidade.

Durante varias semanas dos meses de xullo e agosto o Centro de Saúde da Pontenova só contou cun médico xa que o outro atopábase de baixa e a Xunta de Galicia non cubriu esta praza. Un só médico non chega para tender aos 2300 veciños e veciñas da Pontenova, e máxime na época estival na que a poboación deste concello medra.

Dita situación está a ser denunciada pola veciñanza da Pontenova, así como polos propias persoas traballadoras do centro de saúde, que están a recoller sinaturas entre a veciñanza para denunciar esta situación de abandono que sofren por parte da Xunta de Galicia, e piden que se cubran as baixas dos profesionais sanitarios do centro de saúde para que a veciñanza da Pontenova poida ser atendida con tódalas garantías médicas.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria en A Pontenova é satisfactoria?
2. Por que a Xunta de Galicia non cubre as baixas dos e das facultativas do centro de saúde de A Pontenova?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia realizar cambios nos recursos humanos do centro de saúde de A Pontenova?

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2020

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 07/09/2020 12:02:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/09/2020 12:02:16

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2020 12:02:26

Marina Ortega Otero na data 07/09/2020 12:02:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En nota de prensa do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 14 de abril deste 2020 dáse conta dunha carta enviada desde ese ministerio á Comunidade Autónoma Galega recomendando mante-lo control durante o estado de alarma da poboación dos xabarís para previr danos nas explotacións agrarias e evita-la propagación de doenzas animais. Fala do perigo que supoñen estes animais como vectores de transmisión e da necesidade do citado control para manter o estatuto sanitario da cabana gandeira e coma medida preventiva da PPA (Peste Porcina Africana).

Pola súa parte a Dirección Xeral de Saúde e Seguridade Alimentaria da Comisión Europea vén de poñer de relevo que a transmisión da tuberculose bovina ós animais domésticos polas especies de caza, especialmente polo xabari, constitúe un retraso no custo e na efectividade dos programas de erradicación da tuberculose ademais dos considerables danos que ocasiona ós gandeiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesario destacar a indolencia e apatía amosada polo goberno galego do PP nestes últimos anos con medidas erráticas e ineficaces. Mentres a poboación desta especie medra e os danos son cuantiosos.

A aludida indolencia e apatía chegou a tal punto que de 2016 a 2018 para o goberno galego o problema non debería existir pois nin ordes de axuda sacaron. O malestar entre os gandeiros e agricultores galegos era notable, ano de eleccións e agora si, orde de axuda para a fauna salvaxe con considerables mostras de descoñecemento da realidade agrogandeira do País e sen ir ó fondo do problema.

Porque o fondo do problema está nun control poboacional debidamente documentado e deseñado. Falamos dun Plan de Xestión en serio cunha elaboración consensuada. Isto require censos, estudos de comportamentos, hábitos, estratexias de defensa e adaptación da especie e métodos de control da mesma.

Houbo a través destes anos pasados promesas de Plans de Xestión, algún disque foi ata encomendado con orzamento e todo... mais nada... puido máis a preguiza, ou era so propaganda ?

Este ano os danos feitos nos cultivos de horta e forraxeiros, estes especialmente do millo, foron e están sendo cuantiosos. Hai gandeiros que están mudando de forraxe abandonando o millo por outras alternativas ou simplemente deixando de botalo porque non lles compensa os gastos.

Foron estes de tal magnitude que a dotación orzamentaria das axudas non chegou a nada e houbo que incrementala non sabemos en canto, queremos crer que de boa fe, vaia, cadrou en plena campaña electoral...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Falar do cercado de fincas con valados ou pastores eléctricos coma solución preventiva ó problema é descoñece-la realidade da agro gandaría deste noso país pola dispersión das parcelas, polo número delas e pola forza, maña e teimosía que amosan estes animais.

E non é problemática que se solucione con axudas ós danos e á prevención porque como diciamos ó comezo o asunto vai máis alá dos danos a cultivos cando de temas sanitarios falamos. Non se quere nomea-la PPA pero está aí ameazando o noso sector porcino. Non se quere mentar a tuberculose pero a transmisión existe.

Faise, pois, necesario elaborar de inmediato un plan de xestión. Non pode ser un imposible. Agora, ante a ameaza dun novo e moito maior problema, a chegada da peste porcina, non se pode continuar improvisando con medidas que nada solucionan. Sobre a peste porcina africana, hai un grupo permanente de expertos en Europa, proxecto liderado por un equipo do CSIC, que vén de aprobar un manual de actuación en setembro de 2018, con intención orientadora de como facer fronte á expansión da enfermidade, centrándose en aplicar criterios de xestión e bioseguridade sobre as poboacións de xabaril no medio natural.

Este grupo do que participan expertos de diferentes administracións europeas informa que:

-Asistimos a unha imparable expansión da peste porcina africana (PPA), considerada unha epidemia a grande escala, e que a Europa chegou polo leste e polo norte no ano 2007.

-A enfermidade logo pasou dos cochos domésticos ás poboacións salvaxes de xabarís, e estas comezaron a expandila cara o sur de Europa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-No 2014 -2015 as autoridades xa evidenciaron a circulación do virus nos ecosistemas naturais converténdose nun ciclo epidemiolóxico autosostido.

-Nestes momentos a UE xa advirte que a enfermidade é endémica nas poboacións de xabaril de varios países de Europa do Leste e Centro e continúa expandíndose cara a Península Ibérica (hoxe, xa nas portas de Francia na fronteira belga), sendo un motivo de extrema preocupación.

-As autoridades veterinarias indican que controlar esta epidemia selvática de peste porcina está resultando unha tarefa moi difícil, dada a súa complexidade epidemiolóxica, a falta de experiencia e o alcance xeográfico do problema.

-Resulta preciso abordar a expansión da epidemia dun modo colaborativo e harmonizado entre as distintas rexións de Europa seguindo criterios científico-técnicos.

-As recomendacións pasan por actuar urxentemente adoptando medidas sobre manexo da caza do xabaril, introducir criterios de bioseguridade e xestión, e correcta manipulación na eliminación e movemento das canais de xabaril.

-En primeiro lugar debe abordarse a xestión práctica das poboacións de xabaril incorporando criterios de bioseguridade a fin de reducir os riscos e previr as consecuencias da chegada da enfermidade

-Precísase non perder tempo, e aprobar xa un plan de xestión e de bioseguridade do xabaril, que permita ter diagnósticos anticipados do estado da poboación, tanto a efectos de control de tamaño e efectivos, como detención precoz de carga vírica da peste porcina, e posible identificación de áreas infectadas. Tamén contar coa previsión de elaborar un protocolo de actuacións e coordinación con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á deturpación da toponimia galega na rede social LinkedIn.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística regula que “Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega”.

Asemade, neste mesmo articulado recóllese que lle “Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia”.

A Liña do Galego é un servizo que ofrece a Mesa pola Normalización Lingüística para atender consultas sobre dereitos lingüísticos e tramitar queixas cara ás institucións, empresas etc, que os vulneran.

Desde esta organización, acaba de se facer público que a rede social LinkedIn está a comunicar ás usuarias desta rede profesional mundial que, para mellorar o mapeo de datos, van proceder de xeito unilateral a alterar a súa ubicación no perfil persoal.

Deste xeito, tal e como xa teñen comunicado ás usuarias, a modo de exemplo, o topónimo oficial A Coruña actualizarase automaticamente como a denominación toponímica deturpada “La Coruña” a partir do vindeiro 12 de outubro de 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta rede social anuncia unha decisión que está fóra do marco legal galego, tamén de obrigado cumprimento estatal, coa intención “de mellorar a nosa plataforma para que a túa experiencia sexa inigualábel”.

Unha rede virtual que promove a comunicación social profesional a nivel mundial para axudalos a ser máis produtivos e a alcanzar todas as súas metas laborais, tal e como se presenta LinkedIn, non debe anular o principal elemento identitario de intercomunicación que é a súa lingua propia desde a violación do seu marco de protección legal.

Polo exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Considera a Xunta de Galiza que debe ser respondida esta decisión da plataforma LinkedIn?
- Que medidas ten tomado a Xunta de Galiza para que esta plataforma vehiculice a ubicación das súas usuarias garantindo o respecto pola toponimia oficial galega?
- Que proxectos contempla a Xunta de Galiza para garantir a disposición de galego en todos os servizos e plataformas dixitais, informáticas ou de redes sociais?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Manuel Antonio Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/09/2020 09:30:10

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/09/2020 09:30:22

Daniel Castro García na data 08/09/2020 09:30:30



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Orde do 27 de decembro de 2019 estableceu as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 con medidas dirixidas a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego, do Programa nacional de reformas, do respectivo plan anual de política de emprego (PAPE) e no eido da colaboración institucional e o diálogo social entre o goberno galego e os axentes económicos e sociais de Galicia.

Estes talleres duais de emprego concíbense como programas mixtos de formación e emprego, promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou entidades sen ánimo de lucro do sector forestal mediante a realización de obras ou a prestación de servicios de utilidade pública ou interese social.

Sinala a orde que a convocatoria de 2019, a distribución provincial de créditos para a financiación destes programas realizárase tendo en conta o número de persoas paradas e a evolución do paro rexistrado no período 2015-2019, evolución da poboación no citado período, e terase en conta, en coherencia cos programas Impulsa de Lugo e Ourense, informados polo Consello da Xunta de Galicia, o necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios máis desfavorecidos.

En relación con esta orde, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron os obradoiros/talleres de emprego concedidos en virtude na convocatoria da Orde 27 de decembro de 2019 na Comunidade Autónoma de Galicia e a súa distribución territorial?
2. Cales foron os módulos competenciais impartidos nos obradoiros/talleres de emprego concedidos en virtude da convocatoria da Orde 27 do decembro de 2019 na Comunidade Autónoma de Galicia?



3. Cal foi a duración dos mesmos?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/09/2020 10:49:25

Marina Ortega Otero na data 08/09/2020 10:49:36

Julio Torrado Quintela na data 08/09/2020 10:49:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ás necesidades de reforzo de profesorado no CEIP Emilia Pardo Bazán de Leiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación sanitaria, económica e social xerada após a irrupción da pandemia do coronavirus debe facer prestar especial atención por parte da Xunta de Galiza ás necesidades do ensino do noso país. Neste sentido, dun goberno cabería agardar o reforzo do persoal dos centros educativos. Porén, a realidade é que na planificación que se vai coñecendo do goberno galego non se desprende que esta vaia ser unha aposta estratéxica, constituíndo unha falta de responsabilidade.

A crise provocada polo coronavirus puxo de manifesto a importancia do sistema educativo como servizo público e do ensino como dereito mais tamén as consecuencias dos recortes orzamentarios desde o ano 2009, da falta de persoal, etc. Tamén serviu para poñer en valor as oportunidades que ten o rural para vivir e medrar e particularmente, as oportunidades dos centros de ensino rurais para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ofrecer unha planificación educativa en tempos de pandemia con vantaxes do punto de vista sanitario pola menor masificación e polas oportunidades de espazo en moitos centros, que serían meirandes de non ser pola ofensiva de peches e reducións de aulas que tamén acompañaron os gobernos de Feijóo.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego coñecemos a eliminación, por parte da Consellaría de Educación, dunha docente no curso de infantil neste ano lectivo 2020/2021 no CEIP Emilia Pardo Bazán de Leiro. Esta decisión, aínda legal, é cuestionábel do punto de vista educativo e sanitario. Cómpre recordar que nin sequera estamos a falar de que no contexto actual sería necesario desdobrar as máis aulas posíbeis, senón de que neste caso se trataría simplemente de manter o cadro persoal do anterior curso, e con esa decisión facilitaríase unha menor ratio e polo tanto unhas condicións máis adecuadas.

No pasado curso, cun número de 21 alumnos e alumnas, o curso de infantil do CEIP Emilia Pardo Bazán contaba con dúas docentes, mentres que neste ano, ao verse reducido lixeiramente o número a 16, a Consellaría de Educación decidiu prescindir dunha das dúas vagas de mestra.

Despois de contactar coa dirección do centro entendemos que, debido á crise sanitaria da COVID-1, debería de manterse o mesmo número de docentes no centro para poder reducir a ratio de alumnado por profesor ou profesora. A escola de Leiro ten as infraestruturas suficientes para desdobrar a clase de infantil e así asegurar as condicións sanitarias de profesorado e alumnado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Cales son as razóns da Xunta de Galiza para reducir a oferta de profesorado en centros de ensino situados no rural coma o CEIP de Leiro no canto de manter ou aumentar o persoal para favorecer a redución de ratios e garantir maior calidade e seguridade sanitaria?

Cal é a data na que a Xunta de Galiza toma a decisión?

Tivo en conta á hora de tomar esa decisión simplemente o factor numérico ou avaliou as necesidades concretas do CEIP? Consultou á dirección do centro? E á comunidade educativa?

Considera a Xunta de Galiza que no contexto aberto pola COVID-19 está a aproveitar a potencialidade dos centros situados no rural cando a espazos e posibilidades de desdobrar as aulas?

Como valora a adaptación da oferta de ensino da comarca do Ribeiro á situación de pandemia? Considera que é suficiente?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2020 11:11:52

Mercedes Queixas Zas na data 08/09/2020 11:12:03

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/09/2020 11:12:22

Daniel Castro García na data 08/09/2020 11:12:30



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta, Luís Manuel Álvarez Martínez, Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Galicia ten unha parte moi importante do seu territorio que é eminentemente rural, cunhas especificidades moi acusadas en canto á dispersión, despoboamento, envellecemento, ..., tamén cunhas circunstancias diferentes en canto á dotación de medios públicos (educativos, sanitarios, asistenciais,...) como nas comunicacións tanto físicas (transporte público, rede de estradas...) como virtuais (telefonía tanto fixa como móbil, acceso á banda ancha por fibra, 3-4 ou 5G, satélite,...).

Unha das características do rural é o envellecemento da súa poboación, nas zonas menos poboadas que case chegan a ser o 80 % do territorio galego, as persoas maiores son o 43 % da poboación, a correlación entre os menores de 15 anos (poboación que agora volta ao sistema educativo) e os maiores de 65 anos (persoal en maior risco ante a COVID-19) é de 64.181 fronte a 282.958, dos cales 49,928 teñen máis de 85 anos.

Nos concellos de menos de 10.000 habitantes, hai menores no 40,1 % dos fogares e alo menos nun 15,2 % conviven con outros núcleos familiares.

É dicir, o inicio de curso escolar no rural galego derivado da situación xerada pola COVID-19 é especialmente preocupante, polo número de persoas maiores (persoal con maior risco ante o COVID-19) que se atopan no seu territorio e o elevado índice de convivencia destes cos menores de 15 anos.

En materia educativa, ano tras ano diminúe o número de profesores, de aulas, de centros educativos e unidades, como neste 2020/2021 con supresións como a EEI de Luaña en Brión ou a EEI de Comiáns na Laracha e que a Consellería de Educación continúa o agrupamento de alumnos/as que este ano pasa de 14/16 alumnos a 25 en lugares como A Baña, Castro de Rei, Melide e outros.



En moitos concellos tódolos nenos e nenas conviven nun só centro educativo, como en O Incio ou en Castroverde, é dicir, en caso dun brote poñeríamos en risco ao 100 % das familias con fillos do concello.

Estes datos son consecuencia da xestión política da Consellería de Educación, que tende á concentración do alumnado, tendo na maior parte da zona rural espazos suficientes para poder ter uns rateos de alumnos menores, pero que terían que vir acompañados dunha maior dotación económica do sistema educativo.

Ademais nestes concellos rurais, os escolares comparten bus con outras persoas de maior idade, aumentando tamén así o risco de contaxios.

No rural temos unha situación de menores recursos sanitarios que no entorno urbano, mentres en termos xerais temos 2,71 profesionais de atención primaria e 0,99 pediatras por cada 100 pacientes, no rural estas cifras son moito menores, con especial preocupación no servizo de pediatría onde temos concellos como Mazaricos onde carecen dende fai tempo deste servizo e outros concellos da área de Compostela ou Ortegal. Sen ter unha maior dotación de persoal sanitario dificilmente poderase facer un bo seguimento, cribados ou rastrexo do virus.

Outro dos problemas que ten o noso medio rural son os déficits tecnolóxicos pola falla de banda ancha e conexión a internet, que pode facerlles imposibles a moitos alumnos conectarse nunha situación de necesidade as plataformas educativas que oferta a Consellería de Educación.

En consecuencia, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedor o Goberno galego das problemáticas propias do medio rural co inicio do curso escolar?
2. Vai tomar medidas a Xunta de Galicia, nos ámbitos educativos, sanitarios do medio rural, que eviten o posible colapso do medio rural coa chegada do inicio do curso escolar ante a situación pola pandemia da COVID-19?
3. Van tomar medidas co transporte compartido entre escolares e persoas adultas?
4. Por que eliminan escolas unitarias e agrupan alumnos e alumnas no territorio rural en época COVID-19, podendo xestionar grupos estables máis axeitados?
5. Asegura o Goberno galego que todos os concellos rurais teñen un pediatra como referencia no propio concello nestes tempos de COVID-19?



6. Asegura o Goberno galego que o 100 % do alumnado do rural terá acceso a internet e as plataformas dixitais en caso de ter que utilizalo?
7. As medidas máis restritivas establecidas actualmente nos concellos de Arteixo, Lugo, Carballo, Santa Comba, A Laracha, Santiago de Compostela e Ourense polo incremento de positivos de COVID-19, non son de aplicación aos centros escolares?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Martín Seco García

Carmen Rodríguez Dacosta

Luís Manuel Álvarez Martínez

Noa Díaz Varela

Julio Torrado Quintela

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 08/09/2020 13:41:18

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/09/2020 13:41:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/09/2020 13:41:47

Noa Susana Díaz Varela na data 08/09/2020 13:41:58

Julio Torrado Quintela na data 08/09/2020 13:42:09



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

En data de 7 de setembro de 2020, o Concello de Culleredo en acordo coas ANPA de dito concello, que nestes instantes conta con máis de 100 casos activos de COVID-19, enviou unha solicitude á Consellería de Educación, para pedirllas solucións á situación que se atoparán nas aulas, de 2º ciclo de Educación Infantil do Concello de Culleredo, onde atopan dificultades para poder aplicar as medidas hixiénico-sanitarias recollidas no documento da Xunta de Galicia para adaptarse ao contexto da COVID-19 no curso 20/21, cun rateo de 25 alumnos/as por aula.

Por outra banda, poñen de manifesto a necesidade de que o alumnado con NEE ou con NEAE, que precisan de apoio de persoal especializado, vexa as súas circunstancias agravadas, moito máis despois de que pasasen varios meses sen esa atención especializada.

Por este motivo, solicitan a redución da ratio en Educación Infantil a non máis de 20 nenos/as por aula, que suporía:

- * A non eliminación dunha aula de 3 anos no CEIP Sofía Casanova.
- * Reabrir as liñas de 3 e 4 anos que se pecharon no CEIP Isaac Díaz Pardo.
- * Implantar unha liña adicional de 4 anos no CEIP Ría do Burgo.

Solicitan tamén o mantemento e/ou reforzo do profesorado de apoio en Educación Primaria (PT e AL) para atención ao alumnado con necesidades especiais.

En consecuencia, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Son conscientes da preocupación amosada polo Concello de Culleredo e as ANPA de dito concello no escrito remitido á Consellería?



2. Van a tomar en consideración a solicitude presentada polo concello en relación ás ratios de E.I, e o profesorado de apoio ao alumnado de necesidades especiais?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Martín Seco García
Pablo Arangüena Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
Noa Díaz Varela
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 08/09/2020 13:56:58

Pablo Arangüena Fernández na data 08/09/2020 13:57:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/09/2020 13:57:23

Noa Susana Díaz Varela na data 08/09/2020 13:57:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 16 de maio de 2019 o daquela Presidente da Xunta de Galiza - recentemente reelixido- manifestaba nun dos xornais de maior circulación na cidade de Ourense que “Como ourensano -e como presidente de Galicia- creo que sería letal. Sería letal para Ourense ter un alcalde como Jácome”, precisando que se o Sr. Jácome fose alcalde “o show que imos ter no concello de Ourense... vains facer retroceder nos próximos catro anos. É antipolítica”

Malia a clareza das afirmacións expresadas na devandita entrevista e coa consciencia de que sería letal para Ourense o PPdG que preside e dirixe o Sr. Núñez Feijóo o día 15 de xuño de 2019 votan a favor da designación do Sr. Pérez Jácome como alcalde de Ourense. Os intereses e o futuro de Ourense e das ourensáns ficaba relegado a un segundo plano a cambio de cotas de poder no Concello de Ourense, e de que o Sr. Baltar Blanco continuáse ao fronte da Ilma. Deputación Provincial de Ourense cunha xestión que levou a Ourense á cola de case todos os indicadores sociais, demográficos e económicos do estado español.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non houbo que agardar moito para que o Sr. Pérez Jácome e o grupo de goberno que o apoiaba e sustenta -Democracia Orensana e Partido Popular de Galicia- expresaran os seus proxectos para esta cidade de Ourense. Múltiples escaleiras mecánicas, piscinas, construción dun rañaceos na finca Santamariña ou traslado da sede da UNED ao inmobile da vella cadea de Ourense.... son algúns dos proxectos explicitados polo máximo rexedor do Concello de Ourense, que sustenta D.O e o PPdG.

Apesares da grave crise sanitaria, económica e social provocada pola pandemia orixinada polo virus COVID 19 non consta que o Concello de Ourense tomase decisións que permitisen evitar ou, cando menos, paliar as consecuencias de tan grave crise. Inacción que non foi óbice para que se mantiver o grupo de goberno. Grupo de goberno cada vez máis numeroso e custoso para a cidadanía de Ourense.

A pesares da evidente paralización e ausencia de iniciativas fronte as consecuencias da Pandemia, do crecente deterioro mesmo físico da cidade de Ourense, non consta a existencia da máis mínima autocrítica do grupo de goberno no Concello de Ourense, ou na dirección dos grupos políticos que o sustentan. Tampouco do Presidente da Xunta quen hai escasamente un ano advertía das consecuencias letais dun goberno local presidido pola persoa á que finalmente apoiou.

Así e todo non foi ate o mes de agosto de 2020 cando se manifestou con maior evidencia o que o Sr. Núñez Feijóo xa explicitara un ano antes. Parte do grupo municipal denunciou ao propio rexedor municipal por -segundo parece- malversación de fondos públicos. Parte do grupo de goberno considera que o alcalde ao que apoia puidera ter cometido un delito continuado e, afirman, de grande alcance económico. Porén, a día de hoxe, non consta a existencia que os grupos políticos que sustentan ao rexedor (DO e PpdG) encentasen iniciativa algunha para a remoción do seu posto da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoa que -segundo as súas manifestacións- consideran criminalmente responsable dun delito na xestión de fondos públicos.

Esta situación de caos e desgoberno que novamente singulariza ao Concello de Ourense está a provocar unha parálise nas iniciativas e na resposta as consecuencias económicas e sociais da Pandemia. A Entidade Local que xestiona a terceira cidade máis poboada de Galiza, probablemente no momento máis crítico da historia, cando cumpren máis que nunca as súas actuacións e iniciativas, fica ensimesmada e sen resposta ás urxencias cidadás. Protagonizando un espectáculo que a cidadanía non merece e que mesmo podería ser letal para a cidade, como xa anticipara o Sr. Presidente da Xunta o día 16 de maio de 2019, antes de que se investira alcalde a aquel que consideraba letal para Ourense.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Ten previsto a Xunta de Galiza a inmediata posta en marcha dalgunha acción ou iniciativa para paliar a situación de caos e paralización que atinxe á cidade de Ourense?

-Con anterioridade a xuño de 2019, coñecía o Goberno Galego ou calquera das persoas que o integran a existencia de actuacións que puideran ser constitutivas dun delito de carácter patrimonial e do que, eventualmente, foran responsábeis dirixentes de Democracia Orensana?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 08/09/2020 14:37:53

María González Albert na data 08/09/2020 14:37:59

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2020 14:38:10

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2020 14:38:23

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/09/2020 14:38:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Antonio Lourenzo Sobral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o mantemento e rehabilitación das pallozas de Piornedo (Cervantes) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2010 o Partido Popular decidiu suprimir a liña de axudas que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) dedicaba ao mantemento e rehabilitación das pallozas. Isto supuxo un duro golpe para as persoas propietarias destas construcións tradicionais, de orixe celta, e especialmente para os conxuntos etnográficos de Pedrafita e Piornedo, declarados Ben de Interese Cultural.

As características das pallozas –especialmente o teito natural con palla de centeo-- exige dun importante traballo de conservación que, alén do máis, resulta cada vez máis dificultoso no acceso aos materiais e á man de obra cualificada para o levar a cabo.

Desde a última actuación levada a cabo pola Xunta de Galiza e a Deputación de Lugo en 2015, as pallozas de Piornedo non contaron con ningunha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

axuda pública para a súa restauración. Malia as denuncias e sinais de alarma lanzadas pola veciñanza e as persoas propietarias, o Goberno galego non dispuxo ningún tipo de axuda para levar a cabo os labores de recuperación.

É evidente que a conservación deste importante patrimonio cultural, símbolo da nosa identidade colectiva como pobo, exige dun grande esforzo por parte das persoas propietarias e tamén da administración pública.

Cómpre lembrar que a Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza sinala a Xunta como máxima responsábel da súa salvagarda e titular exclusiva desta competencia.

Neste senso, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que as actuacións non poden continuar a ser meros parches nin levarse a cabo cando o deterioro está moi avanzado senón que cómpren medidas progresivas que garantan un estado de conservación óptimo ao longo de todo o ano.

Polo exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopan as pallozas, especialmente as de Piornedo?

Por que razón o Goberno galego suprimiu en 2010 a liña de axudas anuais que o IGVS destinaba á conservación e mantemento destas construcións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pensa recuperalas? En caso afirmativo, cando e con que orzamento? En caso negativo, por que non?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2020 17:45:46

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/09/2020 17:45:50

Daniel Castro García na data 08/09/2020 17:45:57

Mercedes Queixas Zas na data 08/09/2020 17:46:21



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Industria**.

Na situación pandémica actual, o sector turístico foi e é, sen dúbida, o sector económico máis golpeado, e a súa recuperación será complexa co paso do tempo debido a múltiples factores, que afectan tanto á oferta como á demanda.

Os destinos turísticos son principalmente vilas e cidades, sendo un sector clave para os concellos turísticos de praia, as grandes cidades, os destinos culturais e gastronómicos, os espazos naturais e os pequenos municipios turísticos do rural.

Nesta situación socio-económica tan complexa cremos axeitado realizar un exhaustivo seguimento sobre as actividades, orzamentos e melloras que se van realizar neste Xacobeo 2021 na nosa Comunidade Autónoma.

En palabras do Sr. Feijóo no seu discurso de investidura: “...*é fundamental reformular o Xacobeo...*”. O Grupo Parlamentario Socialista reclama ter información actualizada e continua do que se está a facer neste tema tan importante para a recuperación económica do noso sector turístico.

Un maior control democrático das actuacións da Xunta de Galicia en materia xacobeá vese como imprescindible a tan só catro meses da súa celebración.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que vai consistir a “reformulación” do Xacobeo 2021 para que o turismo na nosa Comunidade Autónoma sexa esa “ferramenta económica” da que falou o presidente da Xunta de Galicia no seu discurso de investidura?
2. Cales son as accións previstas pola Xunta de Galicia para potenciar as actuacións no Xacobeo 2021 nas sete grandes cidades?
3. Cales son os orzamentos previstos pola Xunta de Galicia para potenciar as actuacións no Xacobeo 2021 nas sete grandes cidades?



4. Cales son as accións previstas pola Xunta de Galicia para potenciar as actuacións no Xacobeo 2021 na nosa Comunidade Autónoma? Desglosar os datos por provincias.
5. Cales son os orzamentos previstos pola Xunta de Galicia para potenciar as actuacións no Xacobeo 2021 na nosa Comunidade Autónoma? Desglosar os datos por provincial.

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 08/09/2020 18:13:16

Martín Seco García na data 08/09/2020 18:13:28



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015, que contaba cun investimento inicial de máis de 97 millóns de euros, para levar a cabo obras de rehabilitación, ampliación ou nova construción de edificios xudiciais en Galicia, elevouse para informe do Goberno galego no Consello da Xunta de Galicia do 27 de agosto de 2009.

No Debate do Estado da Autonomía do ano 2010, o presidente da Xunta de Galicia facía referencia a este plan prometendo ata 100 millóns de euros, para un total de 64 actuacións, 20 de elas de nova construción ou gran reforma. Neste documento incluíanse varias partidas para novos edificios que seguen no caixón da Consellería a día de hoxe, aínda que o presidente da Xunta de Galicia na inauguración do Xulgado de Pontevedra deu por rematado o plan.

A pesares disto, a realidade é, que das actuacións previstas no plan quedaron esquecidas nun caixón as dos xulgados de Muros, Sarria, Cambados, Vilagarcía e A Estrada. En relación a este último, existía unha partida específica de 2.300.000 euros para o reagrupamento dos 2 xulgados de Primeira Instancia de Instrución.

No mes de xaneiro o alcalde de A Estrada ofrecía ao vicepresidente da Xunta de Galicia, o Sr. Rueda, uns terreos de 3000 metros cadrados para construír este novo edificio, anunciando posteriormente que comezarían as obras.

Pero a realidade é que 9 meses despois non hai nada iniciado, nin tan sequera existe un proxecto. Pola contra recentemente anunciouse que a parcela cedida no seu día para a construción deste xulgado vai destinarse a curto prazo a aparcamento para os vehículos das persoas usuarias do centro de saúde sito ao carón, que está a piques de ser inaugurado. En concreto o alcalde e o vicepresidente da Xunta de Galicia anunciaron a habilitación de duascenas prazas de aparcamento nesa parcela.

Con este anuncio vemos máis lonxe a creación dos novos xulgados, atopándose neste momento nunha situación precaria, sobre todo o Xulgado nº2, que leva



instalado no arquivo dende máis dunha década, no que ía a ser un emprazamento provisional. E isto, a pesar das recomendación do Consello da Avogacía e do Colexio de Avogados da necesidade de unificar ambos xulgados.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten intención o Goberno galego de cumprir na súa totalidade o Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015?
2. Nove meses despois de ser cedido o terreo polo Concello, cales son os motivos polos que non se inicia a construción do edificio xudicial da Estrada?
3. Ten a Xunta de Galicia a intención de iniciar xuntanzas ou conversas cos alcaldes de Muros, Sarria, Cambados ou Vilagarcía, para iniciar as actuacións xudiciais pendentes nestes concellos?
4. En relación a creación do novo xulgado da Estrada, firmaron xa, a Xunta de Galicia e o Concello, a cesión do terreo sito en A Baiuca?
5. Van a iniciarse no 2021 as obras de construción do novo xulgado de A Parda?
6. Vai a utilizarse como aparcamento para as persoas usuarias do centro de saúde, a parcela sita en A Baiuca, e cedida polo Concello para a construción do novo edificio xudicial?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/09/2020 18:17:06





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2020 18:21:56
Nº Rexistro: 1503
Data envío: 08/09/2020 18:21:56.017

Pablo Arangüena Fernández na data 08/09/2020 18:17:14

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGqVpLDQU0i3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración por parte da Xunta de Galiza do escenario aberto respecto de posíbeis fondos europeos, a súa condicionalidade e a capacidade de decisión de Galiza respecto dos mesmos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa irrupción da crise do coronavirus puidemos ver tamén a crise da actual configuración da Unión Europea e a súa cara máis insolidaria durante os sucesivos debates respecto das decisións económicas. Así mesmo, ao longo destes últimos meses puidemos ver a importancia de que Galiza faga valer unha posición propia respecto das negociacións de fondos europeos, e de todo tipo, para abordar as consecuencias da covid-19.

No mes de xullo asinábase un pacto na Unión Europea polo cal se disponibilizará un volume de 750.000 millóns de euros dos que ao Estado español corresponderán 140.000 millóns, case 73.000 en axudas directas.

En realidade o Estado español está a ser rescatado novamente pola Unión Europea, pois estes fondos terán que ser devoltos dun xeito ou doutro. Unha parte vía devolución do prestado e outra a través da achega ao orzamento comunitario, recibindo menos noutras partidas. A outra cara da inxección destes fondos son dunha banda a súa condicionalidade e a previsíbel imposición de reformas no ámbito económico e, doutra,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a xa confirmada redución de partidas e fondos “tradicionalis” que afectarán profundamente Galiza. Por exemplo, esta redución de partidas xa se pode visibilizar na anunciada baixada de fondos da Política Agrícola Común e, previsiblemente, dos fondos de cohesión. Tamén outros recortes como a supresión dun total de 80.000 millóns do Fondo para a Transición Xusta, que pasa de 30.000 millóns a 10.000 millóns, co que Galiza, que podería ser destinataria desas axudas, tamén sufriría a rebaixa de fondos posibles nun momento moi crítico pola previsión de peche das centrais térmicas.

O noso país, que xa sofre a deficiente xestión e uso de fondos europeos por parte dos sucesivos gobernos de Feijóo e as consecuencias de décadas de falta de capacidade de decisión sobre diversos fondos económicos, precisa que este novo escenario non prexudique outra volta os intereses galegos. Esta situación require de posicións ambiciosas e de país e dunha firme negociación a prol dos intereses de Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Vai antepoñer o goberno galego os intereses de Galiza diante das negociacións dos fondos europeos da covid-19 sen adoptar unha posición subsidiaria de intereses estatais ou partidarios?

Que valoración fai a Xunta de Galiza da redución e previsíbeis reducións de fondos “tradicionalis” ou recentemente previstos para necesidades como a transición enerxética? Que ten feito ou que vai facer para defender os intereses de Galiza?

Que criterios defendeu o vai defender o goberno galego para o seu reparto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E para a súa xestión? Vai defender que Galiza teña soberanía para tomar as súas propias decisións?

É favorable o goberno galego a establecer algún foro no que a representación política deste país poida chegar a un acordo para defender diante do Estado español?

Que canles de diálogo abriu ou vai abrir o goberno galego cos axentes sociais e económicos deste país?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 08/09/2020 18:21:08

Ramón Fernández Alfonso na data 08/09/2020 18:21:13

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2020 18:21:25



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

No ano 2016 materializouse a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade. A dita fusión foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de outubro de 2016 mediante o Decreto 134/2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 6.107 habitantes (IGE 1 de xaneiro do 2017).

Pasados catro anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas por Augas de Galicia ao concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019?
2. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas por Augas de Galicia ao concello de Cerdedo-Cotobade durante a X lexislatura?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/09/2020 18:33:22

Pablo Arangüena Fernández na data 08/09/2020 18:33:34

Paloma Castro Rey na data 08/09/2020 18:33:48



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

No ano 2016 materializouse a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade. A dita fusión foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de outubro de 2016 mediante o Decreto 134/2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 6.107 habitantes (IGE 1 de xaneiro do 2017).

Pasados catro anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Axencia Galega de Infraestruturas ao concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019?
2. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Axencia Galega de Infraestruturas ao concello de Cerdedo-Cotobade durante a X lexislatura?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/09/2020 18:34:01

Pablo Arangüena Fernández na data 08/09/2020 18:34:15

Paloma Castro Rey na data 08/09/2020 18:34:27



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

No ano 2016 materializouse a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade. A dita fusión foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de outubro de 2016 mediante o Decreto 134/2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 6.107 habitantes (IGE 1 de xaneiro do 2017).

Pasados catro anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Axencia Galega de Turismo ao concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019?
2. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Axencia Galega de Turismo ao concello de Cerdedo-Cotobade durante a X lexislatura?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/09/2020 18:34:40

Pablo Arangüena Fernández na data 08/09/2020 18:34:51

Paloma Castro Rey na data 08/09/2020 18:35:03



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

No ano 2016 materializouse a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade. A dita fusión foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de outubro de 2016 mediante o Decreto 134/2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 6.107 habitantes (IGE 1 de xaneiro do 2017).

Pasados catro anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019?
2. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao concello de Cerdedo-Cotobade durante a X lexislatura?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/09/2020 18:35:15

Pablo Arangüena Fernández na data 08/09/2020 18:35:25

Paloma Castro Rey na data 08/09/2020 18:35:38



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

No ano 2016 materializouse a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade. A dita fusión foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de outubro de 2016 mediante o Decreto 134/2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 6.107 habitantes (IGE 1 de xaneiro do 2017).

Pasados catro anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019?
2. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao concello de Cerdedo-Cotobade durante a X lexislatura?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/09/2020 18:35:51

Pablo Arangüena Fernández na data 08/09/2020 18:36:02

Paloma Castro Rey na data 08/09/2020 18:36:14



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

No ano 2016 materializouse a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade. A dita fusión foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de outubro de 2016 mediante o Decreto 134/2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 6.107 habitantes (IGE 1 de xaneiro do 2017).

Pasados catro anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería do Medio Rural ao concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019?
2. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería do Medio Rural ao concello de Cerdedo-Cotobade durante a X lexislatura?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/09/2020 18:36:25

Pablo Arangüena Fernández na data 08/09/2020 18:36:36

Paloma Castro Rey na data 08/09/2020 18:36:48



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

No ano 2016 materializouse a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade. A dita fusión foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de outubro de 2016 mediante o Decreto 134/2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 6.107 habitantes (IGE 1 de xaneiro do 2017).

Pasados catro anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019?
2. Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao concello de Cerdedo-Cotobade durante a X lexislatura?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/09/2020 18:37:01

Pablo Arangüena Fernández na data 08/09/2020 18:37:12

Paloma Castro Rey na data 08/09/2020 18:37:24



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A situación dos fogares galegos a finais de 2019 amosaba que estes aínda non se tiñan recuperado da crise económica de 2008, manténdose o 24,3 % da nosa poboación en risco de pobreza ou exclusión social (AROPE), 33.000 persoas máis que no 2018, cun incremento de 2,18 puntos porcentuais de fogares que teñen dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes dende o primeiro ao cuarto trimestre de 2019, chegando a unha subida do 19,53 % se comparamos o segundo trimestre de 2019 co mesmo trimestre de 2020.

O mesmo acontece cando comparamos os fogares nos que todos os seus membros están en paro, que se teñen incrementado en 2500 fogares se comparamos o cuarto trimestre de 2009 e o mesmo trimestre de 2019, ou o incremento en 12700 fogares sen ingresos para o mesmo período, segundo os datos EPA publicados polo IGE.

O acceso ao emprego debería ser a ferramenta determinante para saír da pobreza, pero a enquisa de condicións de vida elaborada polo INE reflexa que as persoas accederon de forma moi limitada ao emprego nos anos de recuperación económica anteriores ao confinamento, e as que o atoparon foi de baixa calidade e en condicións de precariedade laboral.

Estes datos, recollidos nun bo número de informes, poñen de manifesto o fracaso das políticas económicas e de emprego da Xunta de Galicia do PP durante os seus máis de once anos de goberno, que no canto de contribuír a diminuír as desigualdades teñen incrementado a fenda inicialmente existente, chegando nalgúns casos a considerarse situacións naturalizadas, pasando así de ser lacras a combater a feitos que aceptar.

Esta situación supuxo que o noso país estivera nunha peor situación que no conxunto do Estado para enfrontarse á crise económica e social derivada da crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai elaborar o Goberno galego un plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social, con prazos e medidas concretas e medibles, para reverter esta preocupante situación dos fogares galegos?
2. Que orzamento vai destinar o Goberno galego na aplicación deste plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Carlos Francisco Rivera
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/09/2020 19:21:43

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/09/2020 19:21:53

Marina Ortega Otero na data 08/09/2020 19:22:12



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García e Pablo Arangüena, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

É un feito que nos últimos anos os desprazamentos de persoas dende países onde a rabia é endémica aumentaron de xeito exponencial, tanto por turismo como por viaxes de poboación migrante, e tamén produciuse un incremento paralelo de desprazamentos de animais, como tráfico mal controlados de cans a través de servizos de mensaxería. Lugares como Marrocos, onde é un problema endémico ou países con casos de rabia no este de Europa, supoñen un importante risco para a nosa poboación.

Aínda que existe unha rutina en principio axeitada de control dos animais que entran dende estes países, de feito están a suceder entradas non controladas. Como consecuencia, sucederon os eventos de Argés (Toledo) en 2013 e de Melilla de xuño do 2019, en ambos casos con cans que desenvolveron a rabia tras estar en territorio marroquí. O primeiro deles circulou durante máis de 2 meses por diferentes lugares de España unha vez adquirido o virus, e cando enfermou chegou a morder a ata cinco persoas.

En España tamén se presentan casos de rabia selvática, que pode ser transmitida por morcegos, detectándose en 2018 dous exemplares infectados, en Huelva e en Valladolid, que morderan a senllas persoas.

A forma de contaxio da rabia a humanos máis probable é a mordedura dun can (95 % dos casos), pero que tamén pode suceder pola dun gato ou un morcego, aínda que sería tamén posible tamén por outros tipos de ferida ou por outras especies.

O período de incubación é moi variable, desde poucos días ata máis dun ano, e durante el podería haber eliminación de virus e, polo tanto, risco de contaxios. O virus invade o sistema nervioso e, se non se actúa antes da aparición dos síntomas, a mortalidade é elevadísima: a rabia mata unhas 60.000 persoas cada ano e só se rexistraron uns 15 casos de supervivencia, e ás persoas que a superaron quedáronlles graves secuelas neurolóxicas.



As medidas actualmente existentes mostráronse en xeral eficaces, ante a evidencia de que na práctica suceden entradas a España tanto de persoas como de animais co virus da rabia, e dado o altísimo risco de mortalidade desta enfermidade, deberíanse reforzar aínda máis as precaucións, extremando os controis e a concienciación do gravísimo risco de introducir animais non controlados e recuperar a vacinación obrigatoria en Galicia onde actualmente é voluntaria dende o ano 1994, mentres que no resto do estado español agás o País Vasco e Cataluña é obrigatoria, pois para previr a posible aparición de brotes segundo a OMS é necesario que polo menos o 70 % da poboación de carnívoros domésticos (cans, gatos e furóns) estea vacinada. Establécese unha primeira vacinación a partir dos tres meses de idade do animal e unha revacunación anual, bienal ou variable.

A ocorrencia dos casos caninos recentes foi en territorios onde a vacinación antirrábica é obrigatoria, pero o can de 2013 estivo antes de ser sintomático un tempo en Cataluña, territorio non protexido pola vacinación obrigatoria.

Sendo unha zoonose e que as mascotas se poden mover polo territorio nacional, entendemos que se debería declarar a nosa comunidade libre de rabia e para ilo, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Consellería de Medio Rural dos riscos sanitarios que pode xerar a rabia no noso territorio?
2. Despois do que estamos a vivir coa entrada da COVID-19 no noso territorio e os efectos dunha zoonose no noso territorio, considerou a Consellería de Medio Rural en variar os criterios e establecer a obrigatoriedade da vacina antirrábica en cans, gatos e furóns na nosa comunidade o ser unha enfermidade vírica, contaxiosa a humanos e letal?

Pazo do Parlamento, 9 de setembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/09/2020 09:45:03

Martín Seco García na data 09/09/2020 09:45:14

Pablo Arangüena Fernández na data 09/09/2020 09:45:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación na que se atopa a sanidade pública no concello de Soutomaior e en Ponte Sampaio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da sanidade pública no concello de Soutomaior leva anos sufrindo un desmantelamento sistemático. Esta realidade implica que a veciñanza de Soutomaior e tamén a da parroquia veciña de Ponte Sampaio estea a ser privada dunha atención sanitaria digna; o que se traduce en listas de espera de máis de dúas semanas na atención primaria.

O colapso constante da atención primaria, do servizo de pediatría e da atención da enfermaría nestes centros de saúde motivou xa numerosas mobilizacións por parte da veciñanza que, farta de ver o abandono por parte do SERGAS, atopa nas mobilización a única alternativa para defender a súa sanidade pública.

Na actualidade en Soutomaior hai tan só 3 médicos para 7400 habitantes nuns centros de saúde que, tal e como sinalan os propios profesionais sanitarios,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

teñen unha altísima demanda. Esta realidade provoca que cada vez que o SERGAS non cubre unha baixa se produza un colapso na xa de seu precaria sanidade pública.

Pero por se isto non fose dabondo, na actualidade, o centro médico de Arcade conta tan só cun médico para atender a todo o Concello debido as recortes e a non cobertura das baixas. Tampouco se cobren as baixas das enfermeiras e os consultorios de Romariz e Ponte Sampaio se atopan pechados dende o mes de marzo; o que obriga aos usuarios a teren que desprazarse varios quilómetros para ter atención médica.

Dende o BNG cremos que o maltrato que están a sufrir a veciñanza destes municipios é absolutamente incompatíbel co dereito das veciñas e veciños a teren unha sanidade pública digna.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cre a Xunta de Galiza que en Soutomaior e Ponte Sampaio se está a respectar o dereito da veciñanza a ter unha atención sanitaria digna?
- Pensa o goberno galego dotar de máis médicos e profesionais sanitarios estes centros de saúde?
- Pensa o goberno galego adoptar as medidas necesarias para abrir os consultorios de Romariz e Ponte Sampaio?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É consciente a Xunta de Galiza da situación de colapso sanitario na que se atopa a veciñanza destes municipios polos recortes sanitarios e pola súa actitude de non cubrir as baixas?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2020

Asdo.: **Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/09/2020 13:27:39

María Montserrat Prado Cores na data 09/09/2020 13:27:49

Iria Carreira Pazos na data 09/09/2020 13:27:58



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta, Juan Carlos Francisco Rivera, Luis Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O inicio do curso escolar deste ano 2020 é complexo debido á pandemia do coronavirus, a Covi-19. Por todo elo require máis ca nunca unha atención e traballo intenso na implicación por parte da Administración.

O tema da conciliación para os pais e nais en Galicia preocupa moito, dadas as circunstancias e a falta dun plan estratéxico transversal neste eido, polo que as circunstancias que nalgunhas asociación de país e nais están a vivir en canto ás condicións dos comedores escolares, é preocupante.

En concreto, é preocupante que na data na que nos atopamos a piques do comezo escolar os pais e nais que forman parte da ANPA “Pía da Casca” do Centro de Educación Infantil e Primaria As Mercedes, non teñan resolto por parte da Administración autonómica una solución para os seus fillos e fillas.

O 19 de xullo de 2019 a Xunta de Galicia asina un convenio con dita ANPA na que permiten o uso das instalacións do comedor e do salón de actos da Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, radicada na cidade de Ourense, para o curso académico 2019-2020.

Este ano por parte da Consellería de Educación e de Política Social ata o momento non se coordinaron para aportar una solución para o comedor en condicións óptimas a estes menores, e ao mesmo tempo aos seus pais e nais unha solución de conciliación nun momento de tal complexidade coma o que vivimos na actualidade.

É por todo elo que dende o grupo parlamentario do PSdeG solicitamos una solución para permitir aos menores usuarios do comedor do CEIP de As Mercedes que poidan resolver o problema.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:



Por que non se renovou o convenio da ANPA “Pía da Casca” do CEIP de As Mercedes, co departamento correspondente da Consellería de Política Social, que permitía o uso do espazo pertencente á residencia Florentino Cuevillas para o uso do comedor?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Juan Carlos Francisco Rivera
Luis Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de G

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 09/09/2020 10:20:57

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/09/2020 10:21:10

Juan Carlos Francisco Rivera na data 09/09/2020 10:21:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/09/2020 10:21:42

Julio Torrado Quintela na data 09/09/2020 10:21:55



Á Mea do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O inicio do curso 2020/2021 ven precedido por un nivel de incerteza sen precedentes como consecuencia da pandemia provocada polo COVID-19. Tería sido necesario, mesmo imprescindible, prever diferentes escenarios aos que adaptarse dependendo das circunstancias sanitarias que poidan darse. A proba de que esa previsión é pertinente é que varias Comunidades Autónomas a fixeron ao longo dos meses de xullo e agosto, previos ao inicio de curso.

A necesidade de dar cumprimento ao establecido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade ao determinar, entre outras medidas, que nas etapas de Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato e Formación Profesional os postos escolares manterán unha distancia de 1,5 metros respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira, mesmo retirando outro mobiliario como andeis ou colgadores que limiten o espazo dispoñible, fai necesario que nun número considerable de centros sexa necesario aumentar o número de grupos xa que, obviamente, é menor o número de alumnos que poden acomodarse nas aulas.

Así, nesta data son numerosos os centros que están a propoñer que o alumnado de educación secundaria obrigatoria reciba clases pola mañá e o de bacharelato pola tarde, proposta coherente ao non dispoñer de aulas suficientes; esta proposta tamén leva aparelado o incremento de profesorado necesario para a creación dos novos grupos necesarios.

Son múltiples os exemplos que se poderían poñer e que recollen os medios de comunicación ao facerse eco destas modalidades organizativas, como *El Progreso* na súa páxina 9 da edición do 8 de setembro ao informar dos centros da cidade de Lugo ou *Faro de Vigo* na páxina 19 da mesma data ao facer o propio sobre os centros da cidade de Vigo.

Parella a esta posibilidade existen queixas de colectivos de nais e pais do alumnado de bacharelato que lamentan que esa modificación nos horarios suporá a imposibilidade de cursar outras ensinanzas, como as das Escolas



Oficiais de Idiomas ou Conservatorios Profesionais de Música, ou tamén a participación noutras actividades como poden ser as vinculadas a prácticas deportivas.

Por outro lado, a Administración educativa anunciou o día 21 de agosto a incorporación de 1.000 novos docentes ao sistema educativo galego na propia web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Nesta noticia a Administración estaba a mesturar 240 mestres, 543 docentes (entre mestres e profesorado de secundaria) do programa ARCO e a estimación de, aproximadamente 217 profesores dos corpos de secundaria o que apunta a que se contemplaba, xa nesa data, un certo incremento de unidades tanto da educación secundaria obrigatoria como de bacharelato.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Ten ditado algunha instrución organizativa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que os centros poidan cumprir o establecido con respecto ás distancias interpersoais entre o alumnado nas aulas?

2.ª) Ten a Consellería de Cultura, Educación e Universidade nesta data algún estudio de cantos grupos sería necesario desdobrar para dar cumprimento ao relativo a esas distancias? E o incremento de profesorado necesario para levar a efecto tales desdobres?

3.ª) De ser así, cales son esas estimacións?. Noutro caso, por que non fixo esas estimacións?

4.ª) Ten avaliado a posibilidade de modificar o horario das Escolas Oficiais de Idiomas e Conservatorios Profesionais de Música para aqueles casos nos que o alumnado de bacharelato ao que se lle modifique o horario e curse de forma simultánea ambos estudos poida continuar con esa simultaneidade?

Parlamento de Galicia, 9 de setembro de 2020

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Noa Díaz Varela

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 1589
Data envío: 09/09/2020 14:01:42.741

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/09/2020 12:22:40

Noa Susana Díaz Varela na data 09/09/2020 12:22:53

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGqYpLDQU0i3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O presidente da Xunta de Galicia Alberto Núñez Feijóo asinou o 6 de setembro de 2020 o decreto de nomeamento do seu novo Goberno, no que releva as persoas responsables das consellarías de Sanidade e Educación á vez que realiza algún outro cambio competencial, como a creación dunha nova consellaría que englobaría as áreas de Emprego e Igualdade, con María Jesús Lorenzana Somoza ao fronte.

No seu discurso como candidato na sesión de investidura do Parlamento de Galicia do 1 de setembro, Alberto Núñez Feijóo fixo referencia unha vez ao machismo e a violencia de xénero, pero non se atreveu a pronunciar nin a palabra ‘feminismo’ -que é o que combate precisamente ese machismo e esa violencia- nin a palabra ‘muller’. A igualdade centrou catro parágrafos curtos dun discurso de 56 páxinas e en ningunha desas mencións se asociaba a cuestións relacionadas co emprego.

Coa creación da nova consellaría, con competencias en emprego e igualdade, podemos atisbar certa preocupación ou intención de artellar políticas no ámbito laboral e de promoción profesional dirixidas a contrarrestar a desigualdade que sofren as mulleres, mais o ámbito da igualdade transcende a moitas máis áreas e non só a de emprego.

A fenda de xénero existe en todos os ámbitos da sociedade, de maneira que as políticas públicas que se implementen deberían ter a igualdade como eixo transversal, xestionando de forma eficiente os recursos dispoñibles e achegando outros novos, e avanzando en novas políticas en relación a outros campos de actuación como poden ser a educación, a sanidade, a xustiza ou mesmo o urbanismo. É por iso que ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia nos preocupa que o Goberno galego non creara unha Consellaría de Igualdade e unira esta competencia ao campo concreto do emprego.



Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que motivou a ligazón da área de Igualdade á de Emprego nesta nova consellaría?
2. Que partida orzamentaria se destinará a Igualdade dentro da nova Consellaría de Emprego e Igualdade?
3. Existirán no Goberno galego liñas de traballo específicas dirixidas ás mulleres que non garden relación co ámbito do emprego?
4. Que estrutura terá a área de Igualdade dentro da Consellaría?

Pazo do Parlamento, 9 de setembro do 2020

Asdo.: Noa Díaz Varela
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/09/2020 16:35:22

Marina Ortega Otero na data 09/09/2020 16:35:35

Julio Torrado Quintela na data 09/09/2020 16:35:45

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/09/2020 16:36:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas para solucionar o deterioro da sanidade pública en Moaña.

Exposición de motivos

Nos últimos días son reiterativas as queixas e as denuncias públicas polo deterioro que está a sufrir a atención primaria na localidade de Moaña tanto a nivel particular como dende as institucións locais. Moitas das afectadas colgan nas redes sociais a súa propia experiencia podendo apreciarse que solicitan vez para ir ao médico de cabeceira e danlle cita cunha media de 17 días de atraso, para unha cita non presencial. Algo totalmente inaceptable, e menos nunha situación de alarma producida polo Covid19.

Houbo desgrazas, como a morte de dous bañistas no areal da Xunqueira, onde se evidencio a carencia que ten a Casa do Mar e a Comarca do Morrazo en persoal sanitario e medios., A falta dunha ambulancia medicalizada ou que o servizo de Urgencias se trasladara ao concello de Cangas por presuntas medidas de prevención ante o Covid19 puxeron en evidencia que ante unha urxencia destas características, a ambulancia medicalizada chegou dende outro concello fora da Comarca, nun tempo de 45 minutos. Algo totalmente inasumible.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto trouxo como consecuencia que houbera unha gran mobilización social, pedindo que se recuperaran as consultas presenciais, que se dotara a Comarca dunha ambulancia medicalizada, que se recuperara o servizo de Urgencias de Moaña e sobre todo que se repoñan e se realicen as substitución oportunas do persoal que presta os seus servizos en dito centro.

Na actualidade o cadro de persoal da Casa do Mar de Moaña encontrase reducido nun 25% por vacacións ou baixas. Todas elas encontrase sen cubrir. Faltan catro médico, un pediatra, un administrador, a matrona e unha enfermeira. Unha situación intolerable, que evidencia o compromiso espurio do presidente do goberno, Alberto Nuñez Feijóo, cando afirma que esta lexislatura vai ser a lexislatura da sanidade.

Situación que non é casual, que se desenvolve nun contexto de pandemia, onde é preciso reforzar o persoal sanitario para reforzar as medidas de prevención contra o virus e asumir novas tarefas, como o rastrexo, detección e medidas cautelares contra os positivos de Covid-19.

A realidade é que en Moaña ao igual que no resto do País a asistencia primaria pola que aposta Nuñez Feijóo é cada vez máis precaria tratando de dificultar o acceso dos usuarios a estes servizos, cansalos e que moitos deles (os que teñan cartos) adopten solucións pragmáticas, que consiste en desvialos a privada.

Dende o BNG consideramos que a maioría social quere que se reforce o sistema sanitario, que este goberno en vez de propaganda debe asumir as demandas da cidadanía adoptando medidas como reforzar o persoal sanitario, garantir que se cubran as baixas e vacacións, recuperar a atención presencial, dotar a Comarca dunha ambulancia medicalizada, recuperar as Urgencias, constituír unha unidade de rastrexo e seguimento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do Covid-19, elaborar a redacción do proxecto de execución do novo centro de saúde de Sisalde, etc.

Estas son as razóns que levan a formular as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- 1.- Que medidas está a adoptar o Sergas para reforzar o persoal sanitario e garantir que se cubran as baixas e vacacións?
- 2.- Cando se vai recuperar a atención presencial na asistencia primaria?
- 3.- Cando van dotar a Comarca do Morrazo dunha ambulancia medicalizada?
- 4.- Cando se vai recuperar as Urgencias de Moaña?
- 5.- Vaise constituír unha unidade de rastrexo e seguimento do Covid-19 na Casa do Mar de Moaña para detectar os posibles brotes neste concello?
- 6.- Están a elaborar a redacción do proxecto de execución do novo centro de saúde de Sisalde ? Cando teñen pensado elaboralo?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Montserrat Prado Cores
Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 10/09/2020 09:53:33

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2020 09:53:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e Maria González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa aos mercados de proximidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras a declaración do estado de alarma unha das maiores preocupacións, ademais da sanitaria, era a de asegurar o abastecemento de alimentos da poboación minimizando os riscos de contaxio e garantindo o abastecemento o tempo que durase esta situación excepcional e despois da mesma.

A rápida prohibición de celebración de feiras e mercados locais e o feito de facer recaer todo o peso do abastecemento de alimentos e produtos básicos nas cadeas de alimentación e supermercados desatou inmediatamente a polémica nos sectores produtivos do País.

O goberno en funcións da Xunta de Galicia, de man do PP opta por continuar na liña política de favorecer as grandes distribuidoras de alimentos e rematar cos espazos abertos e dinamitar a relación de confianza entre produtor e consumidor.

O sector de venda directa e os asiduos ós mercados locais vense prexudicados e non atinan a comprender por que non se establecen protocolos de seguridade para que estes mercados non só teñan continuidade, senón que se incentiven coma espazos máis seguros e con máis garantías de calidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

¿Por que ás áreas comerciais e ós supermercados e hipermercados non se lles aplica a mesma lóxica que se empregou para o peche dos mercados locais? Hai que saír á rúa para ir e volver, dentro xúntase a xente en pequenos espazos...

Esta medida non ten xeito en materia sanitaria. O manufacturado en plástico e bandexas de polistireno non aseguran máis hixiene nin maior seguridade sanitaria.

En cambio si recoñecen aptitude na mercancía dos produtores de venda directa telefónica, online e no propio Mercaproximidade. ¿Por que logo nos mercados locais non?

O peche unilateral destes mercados sen consultar co sector e sen habilitar medidas compensatorias para as persoas afectadas que garantan a súa subsistencia polo cese da actividade, é dunha irresponsabilidade maiúscula, tal e como se amosou cando a Consellería decidiu acorda-lo peche dos mercados alimentarios de proximidade ata o 31 de marzo e preto de 40 organizacións galegas de diversos ámbitos fixeron público un manifesto pedindo a reapertura dos mesmo, preocupándose que dispoñan dos medios materiais e humanos necesarios para organizar e aplicar correctamente todos os protocolos de seguridade a que obriga a orde do 23 de marzo de 2020 sobre a venda directa de produtos agroalimentarios nos mercados.

A compravenda de alimentos estaba protexida dentro da situación de emerxencia sanitaria, permitíndose os desprazamentos a centros comerciais para a súa adquisición, mesmo con total liberdade horaria, tal e como reflexa o artigo 7 do Real Decreto 463/2020.

Se ben é certo que se recomenda non celebrar actividades ó aire libre, entre as que se incluíron as feiras e os mercados, a orde específica vai dirixida a aqueles eventos que puidesen chegar a concentracións de máis de 1.000 persoas, polo que os mercados





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de proximidade que se celebran periodicamente en Galicia non entrarían neste suposto, non sendo incluídos tampouco estes espazos na relación de equipamentos e actividades con apertura ó público que quedaban suspendidos segundo o disposto no artigo 10 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Trátase logo dunha covardía máis ou da xa crónica falla de compromiso para co rural e a súa xente ou, é unha operación de maior calado do PP a favor das grandes distribuidoras alimentarias?

A nosa perplexidade é absoluta, e máis cando se constata que noutras comunidades autónomas se autorizaron expresamente e continuaron a celebrarse os mercados de proximidade con ríxidas normas de seguranza e cos controis necesarios. Porén, gobernos como o de Catalunya e Euskadi obrigaron á reapertura dos mercados alimentarios de proximidade mantendo os estritos protocolos anti-Covid, sen necesidade de agardar polo visto bo do Ministerio de Agricultura.

Aquí non. O único que se lle ocorreu á Consellería de Medio Rural foi “...facer que facía...”, tomando unha medida propagandística que paradóxicamente se decide bautizar co nome de “MERCAPROXIMIDADE” e integrala nunha campaña de márketing institucional “VOU DE SUPERFEIRÓN”, onde se louva o esforzo infatigable dos nosos heroes e heroínas: gandeiros, agricultoras, apicultores, viticultoras, bodegueiros, queixeiras, ...ó tempo que se lle entrega o traballo dos nosos labregos e labregas subvencionado con fondos públicos, en bandexa de prata á gran distribución, sen posibilidade de negociación no prezo. Un “trágala” maquillado onde debemos amosar gratitude a un “Goliat” que devora ó noso “Davide”, co beneplácito da Consellería de Medio Rural.

Porén, en lugar de elaborar un protocolo que regulase as diferentes facetas destes mercados locais imprescindibles para a continuidade da actividade agrogandeira,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

toma contacto coas distribuidoras (tentando rematar co que proclama defender), para incorporar ós pequenos produtores no mercado lineal. O coronavirus serve así de pretexto para conseguir ese fin: que a única venda posible sexa por medio de grandes distribuidoras e que o resto sexa residual, nunha relación abusiva onde o produtor non ten ningún peso na negociación na cadea agroalimentaria.

O mercado local proporciona non só alimentos de calidade e confianza, senón tamén a planta necesaria para asegurar o abastecemento futuro da poboación tanto en modalidade de autoconsumo coma de venda.

E de todos/as é sabido que os labores do campo ou se fan no seu tempo ou son tempo e colleitas perdidas, e sen mercado que proporcione a planta de temporada este dito pode ser unha realidade que manque o abastecemento no verán.

Polo que se ve, o goberno do PP non quere aprender dos erros cometidos. As mascariñas, produto imprescindible no combate á pandemia son fabricadas a millares de quilómetros, outro tanto acontece cos insumos básicos para manter a alimentación do noso gando de leite e carne nas modalidades de vacún, porcino, avícola... en réxime de produción intensiva e tal acontece tamén coa alimentación humana. A Xunta pois, desobedeceu as recomendacións da UE que aconsellaban permitir a libre circulación de bens de primeira necesidade como os alimentos. Esta prohibición favoreceu ós de sempre, ás grandes cadeas da distribución, cando obxectivamente, os últimos estudos científicos aseguran que a venda directa de alimentos é máis segura que a súa comercialización en supermercados pechados e en moitas ocasións ateigados de consumidores e con escasa ventilación.

O proceso debería ser o inverso: a preocupación por unha alimentación saudable de procedencia local que amosa unha parte crecente da sociedade é hoxe unha oportunidade para mudar unhas políticas agrícolas feitas, ata agora, a medida do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

agronegocio, e para colocar os problemas das labregas e dos labregos e do rural enriba da mesa, como os prezos baixos, unha cadea alimentaria na que a industria e a distribución manteñen unha posición abusiva, a necesidade de apoiar as producións sostibles, os servizos públicos de calidade no rural, que se protexa a terra agraria ou que se garanta que os pequenos produtores poidan producir alimentos saudables cunha remuneración xusta.

É pois o momento de iniciar campañas de apoio a este comercio de proximidade e unha aposta clara pola extensión da actividade agrogandeira que nos encamiñe ao logro dun auto abastecemento básico de alimentos e produtos de primeira necesidade para a poboación galega. A tan de moda, agora que se lle ven os dentes ao lobo, soberanía alimentaria. Por maior calidade nos alimentos, por maior seguridade sanitaria, por desenvolvemento económico, por fixación de poboación no rural... por xestión do territorio.

Esta crise debera servirnos para recupera-lo prestixio que tiña este tipo de actividade mercantil da horta á mesa, o protagonismo do campo propio, na conformación dunha sociedade moderna.

Non será por falta de coñecementos, nin de xente disposta, nin por escaseza de terra ou climas adversos... De todo isto, coñecementos, xente disposta, terra e microclimas amables... temos en abundancia, soamente nos falta intencionalidade e vontade política a favor do pobo galego.

A propia ONU afirma que senón se atende a saúde humana, animal e ambiental como se dunha soa se tratase, seguirán a xurdir novos brotes zoonóticos que provocarán enormes pandemias, polo que a defensa da soberanía alimentaria convértese na menciña fundamental para evitar que isto suceda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cal é a razón pola que o goberno galego opta por suprimir os mercados locais argumentando falta de seguridade na crise sanitaria da Covid19 e declara esenciais os puntos de venda de alimentos nos supermercados e cadeas alimentarias?

-Ten pensado o goberno galego algún tipo de medidas que corrixa o abandono dos sectores produtivos que conforman o comercio de proximidade de alimentos e produtos básicos?

-Que medidas pensa tomar para potenciar o autoabastecemento de alimentos de cara a conseguir nun futuro próximo unha soberanía alimentaria que se amosou estratéxica en crises coma a do coronavirus?

-Vai facilita-la compra pública de alimentos e fixar uns mínimos nos contratos públicos coa administración autonómica para apoiar ós pequenos produtores locais e de paso mellora-la nutrición e alimentación nestes centros públicos: hospitais, escolas, residencias de maiores, etc..?

-Cando pensa da-los pasos necesarios para implementa-los mercados de proximidade que garantan á cidadanía o acceso a bens esenciais?

-Que medidas está a adoptar na actualidade a Consellería de Medio Rural e a Xunta de Galicia no cumprimento da aplicación estrita da Lei de Cadea Alimentaria de Galicia para que se paguen prezos xustos en orixe e as industrias e distribuidoras non aproveiten a crise para especular cos mesmos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas económicas compensatorias pensa tomar para paliar as perdas causadas ó adoptar o peche dos mercados agroalimentarios de proximidade?

-Como explica que “Mercaproximidade” se resume en facilitar o contacto entre as grandes distribuidoras e os pequenos produtores favorecendo ós primeiros e condenando ós segundos a un proceso de industrialización contra do que loitan desde hai tempo?

-Como explica a Consellería de Medio Rural que practicamente finalizado o actual período do Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza (PDR 2014-2020), aínda non se implementase nin se executase nin un só euro na submedida 16.4 do PDR dotada con 4.520.000 euros e destinada á mellora das canles curtas de distribución e dos mercados locais?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

Maria González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 10/09/2020 09:57:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 10/09/2020 09:57:11

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/09/2020 09:57:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rabia é unha encefalomielite vírica aguda, producida por un virus da familia Rhabdoviridae, do xénero Lyssavirus e supón unha das enfermidades transmitidas a través dos animais máis importantes a nivel mundial, sendo unha enfermidade de declaración obrigatoria (EDO). Representa un importante problema de saúde pública dada a súa gravidade clínica, e provoca o falecemento de 60000 persoas anualmente en todo o mundo, especialmente en países en vías de desenvolvemento. Transmítese fundamentalmente por feridas provocadas por trabadas de animais infectados, e incúbase durante aproximadamente 2 ou 3 meses. Os signos clínicos varían dependendo do efecto do virus no cerebro e inclúen cambios repentinos no comportamento e unha parálise progresiva que acaba por provocar a morte. Unha vez aparece a clínica da enfermidade, a evolución é moi rápida causando o falecemento ó cabo dunha semana.

Tódolos os mamíferos de sangue quente son susceptibles de contraer a enfermidade, presentando os seres humanos unha alta sensibilidade, ó igual ca determinadas especies silvestres coma raposos ou lobos. Os cans, gatos, équidos, bóvidos e pequenos ruminantes presentan unha sensibilidade moderada, mentres que as aves, réptiles e peixes teñen unha sensibilidade escasa ou nula.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non existe un tratamento para un animal infectado pola rabia. Debido ó importante risco de zoonose, debe realizarse a eutanasia e o diagnóstico post mortem de calquera animal sospeitoso de presentar a rabia. En seres humanos, aplícase un coma inducido asociado a hipotermia e a administración de determinados antivirais. Non obstante, a taxa de mortalidade unha vez manifestada esta enfermidade é dun 100% a pesar de todas as medidas de tratamento.

En Europa esta infección cobra cada vez máis importancia supoñendo unha ameaza para a Saúde Pública ó verse un incremento nos casos reportados de rabia en animais. Países coma Ucraína supoñen un enorme risco dada a elevada prevalencia desta enfermidade sendo un dos principais exportadores de cachorros de raza ó resto de Europa.

No Estado español a rabia está declarada como oficialmente erradicada desde o 1987, detectándose esporadicamente casos en morcegos e casos importados nas cidades de Ceuta e Melilla.

Non obstante, dada a proximidade xeográfica con países endémicos de rabia, non se pode descartar a aparición desta enfermidade no noso territorio (como ocorre noutros países europeos, coa aparición de casos importados de rabia debido á entrada ilegal de animais en período de incubación). A este feito debemos sumarlle o intenso tráfico de persoas e animais que se moven acotío polo territorio. A pesar disto, no estado español produciuse o falecemento dun cidadán no ano 2019 pola trabada dun gato contaxiado de rabia en Marrocos.

En Galiza non se rexistrou ningún caso de rabia desde 1962, polo que a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, a través da Orde do 15 de febreiro de 1994 (DOG núm. 46, do 8 de marzo), declarou Galiza libre de rabia e suprimiu a campaña oficial obrigatoria de vacinación antirrábica de cans e gatos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As recomendacións da Organización Mundial da Saúde para evitar a rabia inclúen a inmunización primaria de tódolos cans e gatos. Para asumir unha inmunidade de grupo suficiente e cun beneficio directo sobre a saúde pública é precisa unha taxa de inmunización canina superior ó 70%. Estímase que actualmente en Galiza existe unha taxa do 9%, producíndose unha situación preocupante de falta de inmunidade colectiva. Do mesmo xeito, non contamos a día de hoxe ningún sistema que permita a notificación efectiva de zoonoses desde as consultas veterinarias e a activación dos protocolos precisos para evitar o contaxio de seres humanos. Infeccións como pode ser a Leishmania, están vendo incrementando o número dos casos existentes no territorio galego afectando a cans domésticos sen producirse paralelamente un aumento na vixilancia epidemiolóxica.

Dada a situación actual producida pola COVID-19 podemos extraer certos paralelismos con esta enfermidade, ó tratarse ambas de dúas infeccións sen un tratamento efectivo e nas cales as medidas de prevención da enfermidade resultan clave para o seu control.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na comisión 5ª:

- É consciente o goberno galego do risco de zoonose que representa a rabia nestes momentos no noso país?
- Que medidas de saúde pública ten contempladas o goberno galego para a detección precoz destas zoonoses de prevalencia crecente e evitar así o seu paso ós seres humanos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 10/09/2020 10:28:38

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2020 10:28:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Carmen Aira Díaz, Maria González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rabia é unha encefalomielite vírica aguda, producida por un virus da familia Rhabdoviridae, do xénero Lyssavirus e supón unha das enfermidades transmitidas a través dos animais máis importantes a nivel mundial, sendo unha enfermidade de declaración obrigatoria (EDO). Representa un importante problema de saúde pública dada a súa gravidade clínica, e provoca o falecemento de 60000 persoas anualmente en todo o mundo, especialmente en países en vías de desenvolvemento. Transmítese fundamentalmente por feridas provocadas por trabadas de animais infectados, e incúbase durante aproximadamente 2 ou 3 meses. Os signos clínicos varían dependendo do efecto do virus no cerebro e inclúen cambios repentinos no comportamento e unha parálise progresiva que acaba por provocar a morte. Unha vez aparece a clínica da enfermidade, a evolución é moi rápida causando o falecemento ó cabo dunha semana.

